

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA
CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Dereito e Criminoloxía

M. Concepción Torres Díaz



2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

DEREITO E CRIMINOLOXÍA
M. Concepción Torres Díaz

2020
Universidade da Coruña
Universidade de Santiago de Compostela
Universidade de Vigo

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

Colección impulsada polo Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero
da Xarxa Vives d'Universitats

Elena VILLATORO BOAN, presidenta da Comisión de Igualdade e Conciliación de Vida Laboral e Familiar, Universidade Abat Oliba CEU • **Mª José RODRÍGUEZ JAUME**, vicerreitora de Responsabilidade Social, Inclusión e Igualdade, Universidade de Alacante • **Cristina YÁÑEZ DE ALDECOA**, coordinadora da Reitoría en Internacionalización e Relacións institucionais, Universidade de Andorra • **Joana GALLEGRO AYALA**, directora do Observatorio para a igualdade, Universidade Autónoma de Barcelona • **M. Pilar RIVAS VALLEJO**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Barcelona • **Ruth María ABRIL STOFFELS**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade CEU Cardeal Herrera • **Ana M. PLA BOIX**, delegada do reitor para a Igualdade de Xénero, Universidade de Xirona • **Esperança BOSCH FIOL**, directora e coordinadora da Oficina para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, Universidade das Illas Baleares • **Consuelo LEÓN LLORENTE**, directora do Observatorio de Políticas Familiares, Universidade Internacional de Cataluña • **Mercedes ALCANIZ MOSCARDÓ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Jaume I • **Anna ROMERO BURILLO**, directora do Centro Dolors Piera de Igualdade de Oportunidades e Promoción das Mulleres, Universidade de Lleida • **María José ALARCÓN GARCÍA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Miguel Hernández de Elche • **María OLIVELLA QUINTANA**, directora do Grupo de Igualdade de Xénero, Universidade Aberta de Cataluña • **Dominique SISTACH**, responsable da Comisión de Igualdade de Oportunidades, Universidade de Perpignan Via Domitia • **Sílvia GÓMEZ CASTÁN**, técnica de Igualdade do Gabinete de Innovación e Comunidade, Universidade Politécnica de Cataluña • **M. Rosa CERDÀ HERNÁNDEZ**, responsable da Unidade de Igualdade, Universidade Politécnica de Valencia • **Tània VERGE MESTRE**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade Pompeu Fabra • **Maite SALA RODRÍGUEZ**, técnica de relacións internacionais e estudantes, Universidade Ramon Llull • **Inma PASTOR GOSÁLVEZ**, directora do Observatorio da Igualdade, Universidade Rovira i Virgili • **Amparo MANÉS BARBÉ**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Valencia • **Anna PÉREZ I QUINTANA**, directora da Unidade de Igualdade, Universidade de Vic - Universidade Central de Cataluña

Edición promovida pola Xarxa Vives d'Universitats en colaboración coas Universidades da Coruña, Vigo e Santiago de Compostela

© Xarxa Vives d'Universitats, 2018, da edición orixinal
© Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela,
Universidade de Vigo, 2020, desta edición

Tradución

Milena Vázquez Fernández

Deseño e maquetación

José María Gairí

Edición técnica

Servizo de Publicacións

Universidade de Santiago de Compostela

Campus Vida

15782 Santiago de Compostela

usc.gal/publicacions

Edición dixital en acceso aberto



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0

<https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

•• ÍNDICE

Presentación	5
Artes e Humanidades.....	7
Ciencias Sociais e Xurídicas.....	7
Ciencias.....	7
Ciencias da Vida.....	7
Enxeñarías.....	7
01. Introducción	9
02. Implicacións da cegueira de xénero	10
03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia	14
04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na docencia en dereito e criminoloxía	32
Grao en Dereito.....	32
Grao en Criminoloxía.....	38
05. Recursos docentes	48
06. Ensinar a facer investigación sensible ao xénero	52
07. Recursos pedagóxicos	55
Webgrafía.....	55
Bibliografía.....	56
08. Para afondar	62

•• Presentación

Que é a perspectiva de xénero e que relevancia ten na docencia dos programas de grao e de posgrao? Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero ou *Gender mainstreaming* é unha política integral para promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes nesgos de xénero. Como estratexia transversal, implica que todas as políticas teñan en conta as características, as necesidades e os intereses tanto de mulleres como de homes, distinguindo os aspectos biolóxicos (sexo) das representacións sociais (normas, roles, estereotipos) que se constrúen cultural e historicamente da feminidade e da masculinidade (xénero) a partir da diferenza sexual.

A Xarxa Vives de Universidades (XVU) promove a cohesión da comunidade universitaria e reforza a proxección e o impacto da universidade na sociedade impulsando a definición de estratexias comúns, especialmente no ámbito de acción da perspectiva de xénero. É oportuno lembrar que as políticas que non teñen en conta estes roles diferentes e estas necesidades diversas, e, por tanto, son cegas ao xénero, non axudan a transformar a estrutura desigual das relacións de xénero. Isto tamén é aplicable á docencia universitaria, a través da cal lle ofrecemos ao alumnado unha serie de coñecementos para entender o mundo e intervir no futuro desde o exercicio profesional, proporcionamos fontes de referencia e autoridade académica e buscamos fomentar o espírito crítico.

Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible ao sexo e ao xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado. Dunha parte, se se afonda na comprensión das necesidades e os comportamentos do conxunto da poboación, evítanse as interpretacións parciais ou nesgadas, tanto a nivel teórico como empírico, que se producen cando se parte do home como referente universal ou non se ten en conta a diversidade do suxeito mulleres e do suxeito homes. Deste xeito, incorporar a perspectiva de xénero mellora a calidade docente e a

relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re) producidas.

Da outra, fornecer ao alumnado novas ferramentas para identificar os estereotipos, normas e roles sociais de xénero contribúe a desenvolver o seu espírito crítico e a que adquira competencias que lle permitan evitar a cegueira de xénero na súa práctica profesional futura. Así mesmo, a perspectiva de xénero permítelle ao profesorado prestar atención ás dinámicas de xénero que teñen lugar na contorna de aprendizaxe e adoptar medidas que aseguren que se atende á diversidade do estudantado.

O documento que tes nas túas mans é froito do plan de traballo bianual 2016/17 do Grupo de Traballo de Igualdade de Xénero da XVU, centrado na perspectiva de xénero, na docencia e na investigación universitaria. Nunha primeira fase, o informe *La perspectiva de gènere en docència i recerca a les Universitats de la Xarxa Vives: Situació actual i reptes de futur* (2017), coordinado por Tània Verge Mestre (Universidade Pompeu Fabra) e Teresa Cabruja Ubach (Universidade de Xirona), constatou que a incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria seguía sendo un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo, estatal e dos territorios da XVU.

Un dos principais retos identificados neste informe para superar a falta de sensibilidade ao xénero dos currículos dos programas de grao e de posgrao era a necesidade de formar o profesorado nesta competencia. Nesta liña, apuntábase a necesidade de contar con recursos docentes que axuden o profesorado a facer unha docencia sensible ao xénero. Así, nunha segunda fase, elaborouse o recurso *Guies per a una docència universitària amb perspectiva de gènere*, baixo a coordinación de Teresa Cabruja Ubach, M.^a José Rodríguez Jaume (Universidade de Alacante) e Tània Verge Mestre. Elaboráronse en conxunto once guías, entre unha e catro por ámbito de coñecemento, que foron encargadas a profesoras expertas na aplicación da perspectiva de xénero na súa disciplina de diferentes universidades:

Artes e Humanidades

Historia: Mónica Moreno Seco (Universidade de Alacante)

Historia da Arte: María Lluísa Faxedas Brujats (Universidade de Xirona)

Filoloxía e Lingüística: Montserrat Ribas Bisbal (Universidade Pompeu Fabra)

Filosofía: Sonia Reverter-Bañón (Universidade Jaume I)

Ciencias Sociais e Xurídicas

Dereito e Criminoloxía: María Concepción Torres Díaz (Universidade de Alacante)

Socioloxía, Economía e Ciencia Política: Rosa María Ortiz Monera e Anna María Morero Beltrán (Universidade de Barcelona)

Educación e Pedagogía: Montserrat Rifà Valls (Universidade Autónoma de Barcelona)

Ciencias

Física: Encina Calvo Iglesias (Universidade de Santiago de Compostela)

Ciencias da Vida

Medicina: María Teresa Ruiz Cantero (Universidade de Alacante)

Psicoloxía: Esperanza Bosch Fiol e Salud Mantero Heredia (Universidade das Illas Baleares)

Enxeñarías

Ciencias da Computación: Paloma Moreda Pozo (Universidade de Alacante)

Aprender a incorporar a perspectiva de xénero nas materias impartidas non implica máis que unha reflexión sobre os diferentes elementos que configuran o proceso de ensino-aprendizaxe, partindo do sexo e do xénero como variables analíticas clave. Para poder revisar as vosas mate-

rias desde esta perspectiva, nas *Guías para unha docencia universitaria con perspectiva de xénero* atoparedes recomendacións e indicacións que cobren todos estes elementos: obxectivos, resultados de aprendizaxe, contidos, exemplos e linguaxe utilizados, fontes seleccionadas, métodos docentes e de avaliación e xestión da contorna de aprendizaxe. Despois de todo, incorporar o principio de igualdade de xénero non é só unha cuestión de xustiza social, senón de calidade da docencia.

Teresa Cabruja Ubach, María José Rodríguez Jaume e Tània Verge Mestre

Coordinadoras

••01. Introducción

Nesta guía recóllense recomendacións para incorporar a perspectiva de xénero nos graos en Dereito e Criminoloxía e, por extensión, na docencia no ámbito das ciencias xurídicas. Para a autora, a profesora da Universidade de Alacante M. Concepción Torres Díaz, a educación superior que integra esta perspectiva revaloriza os saberes e os coñecementos tradicionais, debuxa os esquemas mentais e simbólicos do pensamento xurídico e permite reflexionar sobre os termos en que se construíu o suxeito xurídico.

A guía propón, antes de afondar nas diferentes ramas e categorías xurídicas que conforman os estudos oficiais dos graos en Dereito e Criminoloxía, unha análise dos textos xurídicos históricos como recomendación xeral desde a que, dunha banda, desenvolver unha ollada sensible ao xénero na docencia e, da outra, determinar cales foron e son as recoñecidas como persoas ante o discurso xurídico. Isto exemplifícase a través dunha selección de textos xurídicos para cada unha das ramas do dereito dun amplo período temporal. Así, ofrécense unhas anotacións interesantes, con perspectiva de xénero, do Código penal de 1944 e do recentemente aprobado Pacto contra a violencia de xénero, por poñer só dous exemplos.

As propostas específicas para implementar a perspectiva de xénero na docencia preséntanse tomando como referencia as materias de Xustiza Constitucional e Interpretación Constitucional e Dereito de Liberdade de Crenzas (grao en Dereito), amais de Violencia de Xénero e Vitimoloxía (grao en Criminoloxía). Para cada un dos apartados sobre os que se deseña a docencia (obxectivos, contidos, modalidades organizativas na aula, métodos e recursos docentes e avaliación), recóllense na guía abondosos exemplos.

Tamén son numerosos os recursos pedagóxicos que se referencian. Se a isto se engade que na última sección se amplían e documentan moitas das ideas enunciadas nas epígrafes precedentes, atopámonos diante dunha guía de enorme valor didáctico.

•• 02. Implicacións da cegueira de xénero

A Declaración Mundial sobre a Educación Superior no Século XXI: Visión e Acción, aprobada pola Conferencia Mundial sobre a Educación Superior en outubro de 1998 no seo da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura (UNESCO), sinalaba como un dos obxectivos prioritarios neste ámbito educativo o fortalecemento da participación e a promoción do acceso das mulleres á educación superior. Resulta de especial significación o apartado b) do artigo 4 da citada declaración, xa que recolle a necesidade de «ter en conta o punto de vista do xénero nas diferentes disciplinas», amais do fomento dos estudos de xénero como campo específico cun papel estratéxico na transformación da educación superior e, por tanto, da sociedade no seu conxunto.

Nesta mesma liña habería que mencionar a Recomendación CM/Rec(2007)13, do Comité de Ministros dos estados membros da Unión Europea, sobre a integración da dimensión de xénero na educación, na que se aconsella revisar as respectivas lexislacións co fin de aplicar estratexias e medidas adaptadas para promover e fomentar a integración da perspectiva de xénero en todos os niveis educativos, tamén no ámbito da educación superior. E xa no noso ámbito xurídico interno, podemos salientar a Lei 14/2011, do 1 de xuño, da ciencia, da tecnoloxía e da innovación, en concreto, a disposición adicional décimo terceira, na que o xénero –ou a perspectiva de xénero– se erixe nunha categoría transversal na educación superior e na investigación, polo que a relevancia que ten debe ser considerada en todos os aspectos do proceso educativo e investigador.

Desde este prisma, ignorar o xénero como categoría de análise crítica na educación superior e na investigación académica implica apostar por unha educación superior e unha investigación acríticas co modo de socialización patriarcal ou co sistema sexo/xénero. Implica, tamén, seguir instalados na chamada «cegueira de xénero». De acordo con De Barbieri,¹ a cegueira de xénero advírtese cando a produción e a transmisión do

¹ DE BARBIERI, Teresita (1998). «Acerca de las propuestas metodológicas feministas», en Bartra, Eli (comp.), *Debates en torno a una metodología feminista* (103-109). México: Universidade Autónoma Metropolitana.

coñecemento no ámbito académico obvia as achegas das mulleres ou fai caso omiso delas nun claro ámbito de poder –como creadora e xeradora de coñecementos– como é o da academia. É aquí onde hai que afondar, xa que a perspectiva de xénero implica a apertura a novas epistemoloxías e novos paradigmas de coñecemento, como o feminista, que no ámbito do dereito e a criminoloxía revalorizan os saberes e os coñecementos tradicionais.

Do punto de vista epistemolóxico cumpriría falar das achegas que coincidiron en cuestionar o obxectivismo imperante na ciencia tradicional, a neutralidade da ciencia, e a aparente abstracción sexual do suxeito cognoscente e do suxeito/obxecto de coñecemento, é dicir:

- a) As teorías do punto de vista feminista, cuxas figuras máis relevantes son Sandra Harding² ou Evelyn Fox-Keller³.
- b) As teóricas do empirismo feminista, como Elizabeth Anderson⁴ e Louise Anthony.
- c) O feminismo posmoderno, no que cabe destacar a Donna Haraway⁵ e Susan Hekman.

Extrapolando estas consideracións ao ámbito da docencia e investigación en dereito e criminoloxía, cabe mencionarmos teóricas provenientes

² HARDING, Sandra (1987). «Is there a feminist method?», en ídem, *Feminism and Methodology*. Bloomington/Indianápolis: Indiana University Press.

³ KELLER, Evelyn e LONGINO, Helen (eds.) (2004). *Feminism and Science*. Nova York: Oxford University.

⁴ ANDERSON, Elizabeth (1995a). «Feminist Epistemology: An Interpretation and Defense». *Hypatia*, 10: 50-80. ANDERSON, Elizabeth (1995b). «Knowledge, Human Interests, and Objectivity in Feminist Epistemology». *Philosophical Topics*, 23: 27–58.

⁵ HARAWAY, Donna (1995). «Conocimientos situados: la cuestión científica en el feminismo y el privilegio de la perspectiva parcial», en ídem, *Ciencia, cyborgs y mujeres. La invención de la naturaleza* (303-346). Madrid: Cátedra. De acordo cos obxectivos desta guía, a definición de obxectividade ou coñecemento obxectivo faise desde a perspectiva feminista, entendendo por iso a racionalidade situada ou posicionada.

do feminismo xurídico como Frances Olsen⁶, Tamar Pitch⁷, Carol Smart⁸, Catherine Mackinnon⁹ ou Alda Facio¹⁰, entre outras. As investigacións destas teóricas puxeron as bases para desenmascarar a dimensión patriarcal do dereito e os dereitos, alén das implicacións que este factor ten para a vida das mulleres. No ámbito específico da criminoloxía feminista habería que volver mencionar a Carol Smart e o seu libro *Women, Crime and Criminology*¹¹, de 1977, xa que foi recoñecida como a iniciadora desta liña de coñecemento dentro dos estudos criminolóxicos en xeral. Nesta obra crítica os estereotipos de xénero que marcaron os estudos científicos nesta rama de coñecemento, influídos polo androcentrismo das teorías de Lombroso e Ferrero canto á construción da muller como obxecto de coñecemento no fenómeno criminolóxico.

Resulta de especial interese a análise crítica, desde a perspectiva de xénero, da obra conxunta dos dous autores (*The Female Offender*, 1895)¹², porque desvela unha asociación das mulleres delinquentes con determinados constructos sociais xustificados con base nas diferenzas biolóxicas de

⁶ OLSEN, Frances (1990). «El sexo del derecho», en KAIRYS, David (ed.), *The Politics of Law* (452-467). Nova York: Pantheon.

⁷ PITCH, Tamar (2003). *Un derecho para dos: la construcción jurídica de género, sexo y sexualidad*. Madrid: Trotta.

⁸ SMART, Carol (1994). «La mujer del discurso jurídico», en LAURRARI, Elena (coord.), *Mujeres, derecho penal y criminología* (167-177). Madrid: Alianza Editorial.

⁹ Véxase MACKINNON, Catharine (1983). «Feminism, Marxism, Method and the State: toward feminist jurisprudence». *Sings: Journal of Women in Culture and Society*, 8: 635-645. Tamén MACKINNON, Catharine (2007). *Are Women Human? And Other International Dialogues*. EUA: Harvard University Press.

¹⁰ FACIO, Alda (2000). «Hacia otra teoría crítica del Derecho», en HERRERA, Gioconda (coord.), *Las fisuras del patriarcado. Reflexiones sobre feminismo y derecho* (15-44). Quito: FLACSO.

¹¹ SMART, Carol (1977). «Women, Crime and Criminology: A Feminist Critique». *Social Work*, 22(4): 331-332.

¹² LOMBROSO, Cessés e FERRERO, Guglielmo (1895). *The Female Offender*. Nova York: D. Appleton.

ser muller sen ter en conta as estruturas de poder do sistema sexo/xénero e como operan –e operaron– no caso das mulleres que cometen delitos. Neste punto habería que apuntar como a perspectiva de xénero nos estudos de criminoloxía obriga a se relacionar con outras ramas de coñecemento, caso da vitimoloxía, cada vez cun maior recoñecemento como disciplina autónoma.

O sucintamente exposto nas liñas anteriores permite abundar na necesidade de aplicar a perspectiva de xénero nos estudos universitarios en dereito e criminoloxía, tanto na docencia e a transferencia de coñecementos como na investigación, xa que implica debuxar de novo os esquemas mentais e simbólicos do pensamento xurídico que tradicionalmente se articularon baixo premisas negadas en canto ao xénero, de neutralidade, obxectividade e imparcialidade. Ademais, comporta repensarmos o suxeito xurídico/político, é dicir, o suxeito do dereito e os suxeitos de dereitos e facelo desde unha tripla dimensión:

- a) Desde a posición das mulleres ante as narrativas e os discursos xurídicos, isto é, desde a posición das mulleres no dereito e ante o dereito.
- b) Desde a construción das mulleres como suxeitos xurídicos/políticos, isto é, desde a reflexión crítica ante unha subxectividade xurídica que se predica autónoma desde os postulados da igualdade normativa ou legal, mais que obvia a heteronomía normativa subxacente na construción xurídica das mulleres cando se fai abstracción da sexuación dos suxeitos de dereito.
- c) Desde a crítica á eficacia normativa cando se obvia a perspectiva de xénero como criterio interpretativo no dereito e como garantía específica dos dereitos das mulleres.

•• 03. Propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia

1. Actualmente dispomos dun importante número de referencias que inciden na necesaria inclusión da perspectiva de xénero nas disciplinas do dereito e a criminoloxía. A seguir, enunciámos algunhas das directamente relacionadas co propósito desta guía. No apartado 8 analizarémolas con máis extensión.

- a) MARTÍN, María e OCEJO, Elena (2017). *Enfoque de género en la actuación letrada. Guía práctica de la abogacía*. Madrid: Fundación Abogacía Española. <https://bit.ly/2UMv2z2>. Esta obra foi presentada o 14 de decembro de 2017 polo Consello Xeral da Avogacía Española.
- b) Os informes do grupo de expertos en violencia doméstica e de xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial insisten desde hai varios anos na necesidade de capacitar profesionalmente xuíces e xuízas, e demais profesionais que traballan nos xulgados, en materia de perspectiva de xénero. Nestes documentos apélase de maneira directa á importancia de empregala na análise de casos, a valoración das probas, a interpretación e aplicación normativa, etc.
- c) Guía práctica da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. No apartado XI.2, baixo a rúbrica «Interpretación das normas desde a perspectiva de xénero», trátanse os cambios normativos acometidos no noso ordenamento xurídico interno, en concreto, nesta lei e mais na Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. Ambas as normas teñen un importante aval constitucional no sentido de que, desde o marco do chamado dereito antidiscriminatorio, o seu obxectivo é garantiren unha igualdade efectiva e real.

Alén do dito, a Guía práctica da Lei orgánica 1/2004 lembra a dimensión internacional deste obxectivo cando se recolle nos documentos que indicamos a seguir.

- d) O Convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Istambul, 11/05/2011).
- e) A Convención sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller (CEDAW, 1979).
- f) O informe do secretario xeral das Nacións Unidas, do 6 de xullo de 2006, no que se avoga por unha formación especializada en perspectiva de xénero dirixida aos operadores do ámbito xurídico, no que se sinala textualmente que «a aplicación das leis resultará fortalecida de se impartir unha capacitación sistemática en materia de sensibilidade con respecto ás cuestións de xénero».
- g) A Recomendación xeral n.º 33 sobre o acceso das mulleres á xustiza do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller (CEDAW) do 03/08/2015. O apartado B.21 alude á «obriga dos estados parte a adoptaren medidas xurídicas apropiadas e outras medidas para eliminar todas as formas de discriminación contra a muller por parte de autoridades públicas e axentes non estatais ben como individuos, como organizacións ou empresas».

Obsérvase que no momento actual se precisa apostar pola eficacia normativa desde a perspectiva de xénero¹³. Isto xustifica a necesidade de aplicar o enfoque de xénero nos estudos de grao e mestrado das áreas do dereito e a criminoloxía, pola dimensión práctica e profesional que teñen e pola

¹³ TORRES, M. Concepción (2017a). «Iusfeminismo y abogacía: los retos de la perspectiva de género en las profesiones jurídicas». Relatorio presentado no curso de verán A Crise das Profesións Xurídicas nun Mundo en Transformación: Dinámicas Locais e Transnacionais, que tivo lugar en Oñati os días 17-18/07/2017. TORRES, M. Concepción (coord.) (2017b). «3711_Memoria de la Red Docente Género e Igualdad en Derecho Constitucional y Libertad de Creencias 2016/2017», en ROIG-VILA, Rosabel (coord.), *Memòries del Programa de Xarxes-I3CE de qualitat, innovació i investigació en docència universitària. Convocatòria 2016-2017* (184-197). Alacante: Universidade de Alacante.

súa incidencia tan directa no recoñecemento, a tutela e as garantías dos dereitos das persoas.

2. Tendo en conta que esta guía vai dirixida á aplicación da perspectiva de xénero na docencia e a investigación no ámbito do dereito e a criminoloxía, resulta fundamental comezar pola necesaria delimitación conceptual –e, por tanto, normativa– de dous conceptos que se erixen chave: o sexo e o xénero. A práctica actual evidencia a confusión que existe entre eles e o seu uso indistinto, unha cuestión que resta potencialidades de transformación social no obxectivo de atinxir unha igualdade efectiva e real.

a) O concepto de sexo alude á distinción biolóxica, e daquela ás diferenzas naturais, entre mulleres e homes. Trátase dunhas diferenzas que malia non deberen levar aparellada ningunha connotación negativa desde o punto de vista da estruturación sociosexual da realidade, si implican unha desigualdade social e discriminatoria para as mulleres e para aqueles colectivos que se apartan da heterosexualidade obrigatoria.

b) O concepto de xénero¹⁴, que non foi nin é pacífico¹⁵, en calquera caso, hai que identificalo como a construción cultural que, sobre o sexo biolóxico, a forma de socialización patriarcal articulou a través da asignación de caracteres, posicións, labores, roles, etc. diferentes e discriminatorios para as mulleres e para aquelas persoas que se desmarcasen da asignación sociocultural dos roles de xénero adscritos ao seu sexo biolóxico, ou cuxo xénero sentido non se corresponde co sexo biolóxico asignado no nacemento.

3. No ámbito xurídico cumpriría precisar como o xénero se erixiu en categoría de análise xurídica¹⁶. Falamos dunha categoría fundamental se se

¹⁴ STOLLER, Robert (1968). *Sex and Gender*. Nova York: Science House.

¹⁵ TURBET, Sílvia (2003). *Del sexo al género. Los equívocos de un concepto*. Madrid: Cátedra.

¹⁶ VV. AA. (2014). *Igualdad y democracia: el género como categoría de análisis jurídico. Estudios en homenaje a la profesora Julia Sevilla*. Valencia: Cortes Valencianas.

quere coñecer, desde unha perspectiva crítica, a forma de estruturación sociosexual da realidade e as implicacións para a subxectividade xurídica e política das mulleres, pois a pesar de que a igualdade xurídica e formal –a igualdade no plano normativo– é practicamente unha realidade cando menos nos países da nosa contorna europea, a igualdade efectiva e real aínda continúa a ser un obxectivo para acadarmos. Obviamente, isto ten consecuencias no plano do dereito e dos dereitos, sobre todo cando as destinatarias do discurso xurídico-xudicial, lexislativo, administrativo, contractual, penal, etc. son as mulleres.

3.1. Neste punto, unha primeira reflexión para introducir a perspectiva de xénero no ámbito da docencia e a investigación en dereito e criminoloxía pasa por reflexionar sobre os termos con que se construíu o suxeito xurídico, unha construción que se volve esencial para determinarmos o modelo normativo do elemento humano. De aí a importancia de analizar textos xurídicos históricos (declaracións de dereitos, constitucións, leis, sentenzas etc.) co fin de determinarmos en que termos se recoñeceu a subxectividade xurídica e política e cales foron –e son– os suxeitos de dereitos; en definitiva, que persoas foron –e son– recoñecidas como persoas ante o discurso xurídico. A continuación, menciónanse algúns dos textos xurídicos históricos cuxa lectura se suxire no apartado 8 desta guía (Para afondar).

A lectura crítica evidencia a transcendencia de revisar os textos desde a dimensión crítica do enfoque de xénero antes mesmo, de afondar na complexidade técnica do estudo e na análise das diferentes ramas e categorías xurídicas que conforman os estudos oficiais dos estudos de dereito e criminoloxía.

- a) A Declaración de Dereitos da Muller e da Cidadá (1791), de Olympe de Gouges, como resposta á exclusión das mulleres da Declaración de Dereitos do Home e do Cidadán (1789).
- b) *A Vindicación dos dereitos da muller* (1792), de Mary Wollstonecraft, en resposta ao informe de Charles Maurice de Talleyrand-Périgord (1791), presentado na Asemblea Nacional Constituínte francesa,

no que se excluía as mulleres do recoñecemento dos dereitos civís e políticos e lles era outorgada unha cidadanía limitada para o exercicio de determinadas tarefas domésticas e de coidados. Isto explica a alegación de Mary Wollstonecraft a prol da educación das mulleres.¹⁷

- c) A análise e o estudo da Declaración de Séneca Falls ou Declaración de sentimentos (1848), de Elizabeth Cady Stanton e Lucretia Mott, unha declaración que, como nos casos anteriores, xorde ante a exclusión das mulleres do recoñecemento da subxectividade xurídica e política, neste caso na Declaración de Independencia dos Estados Unidos (1776). As mulleres non podían votar nin ser votadas, nin ocupar cargos ou lugares públicos, etc.
- d) O discurso da deputada Clara Campoamor na sesión do 1 de outubro de 1931 das Cortes Constituíntes en defensa do voto da muller¹⁸ e, por tanto, do recoñecemento dun dos dereitos políticos máis importantes.
- e) Como textos de contraste desde o punto de vista docente e investigador, resultan de interese os discursos da deputada Vitoria Kent, que avogaba por adiar o recoñecemento do voto feminino ou o seu acondicionamento, ou do deputado Guerra del Río. Hai que ter en conta que despois de se lle recoñecer ás mulleres o dereito ao voto en 1931, após a guerra civil, non volveu recuperarse até as eleccións do 15/06/1977¹⁹. Isto explica os retrocesos na con-

¹⁷ Sobre a educación das mulleres na época da Ilustración, pode consultarse a obra de Jean-Jacques Rousseau escrita en 1792 en que articula dous modelos diferentes dirixidos a mulleres. ROUSSEAU, Jean-Jacques (2011). *Emilio ou da educación*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

¹⁸ O texto íntegro do discurso de Clara Campoamor do 1 de outubro de 1931 pode lerse no seguinte enderezo web: <https://bit.ly/2JLfS6S>.

¹⁹ Real decreto lei 20/1977, do 18 de marzo, sobre normas electorais. BOE n.º 70, do 23/03/1977.

dición xurídica das mulleres no ámbito normativo durante os 40 anos da ditadura franquista.

- f) O discurso de Simone Veil²⁰, ministra de Saúde, Seguridade Social e Familia (1974-1979) no Goberno do presidente Valéry Giscard d'Estaing, na Asemblea francesa o 26/11/1974²¹ en defensa do dereito ao aborto.
- g) En España, os traballos parlamentarios das 27 deputadas e senadoras españolas na lexislatura constituínte (1977-1979), cando se redactou a primeira constitución democrática española. Neste punto, é imprescindible consultar intervencións parlamentarias como as da deputada Teresa Revilla canto á aprobación do artigo 14 da Constitución, o precepto que constitucionalizou a igualdade como dereito fundamental, na Comisión de Asuntos Constitucionais.

3.2. O afondamento na categoría do suxeito xurídico faise necesario sobre todo desde a óptica constitucional, unha óptica clave arestora se temos en conta a conceptualización da Constitución como pacto de convivencia social, que presupón o recoñecemento mutuo en condicións de igualdade e liberdade dos suxeitos outorgantes e artífices do pacto e dos suxeitos a que vai destinado.

A análise desde o estudo do constitucionalismo histórico español e, por extrapolación, do resto do constitucionalismo, deste pacto volve poñer de manifesto a exclusión –ou o esquecemento– das mulleres, con efectos directos nas súas vidas, ao non seren recoñecidas como titulares de dereitos nos mesmos termos que os homes. A devandita exclusión deu e leva dando lexitimidade legal a desenvolvementos normativos do

²⁰ VEIL, Simone (2004). *Les hommes aussi s'en souviennent. Une loi pour l'Histoire*. París: Editions Sotck.

²¹ Pódese ampliar a información sobre o discurso de Simone Veil e mais os debates parlamentarios verbo da aprobación da lei no seguinte enderezo web: <https://bit.ly/2UMrih4>.

elemento humano excluíntes e discriminatorios, en liñas xerais, para as mulleres en diversos ámbitos de interacción social como o civil, o laboral, o penal, o familiar etc. Como exemplos cabe mencionarmos os que a seguir se recollen.

3.3. No Código civil que estivo vixente en España até 1975, en certa medida, recoñeciábase o dereito de corrección²² do marido, o *pater familias*, sobre a muller e tamén sobre os fillos e as fillas, que daba cobertura legal á violencia de xénero no ámbito afectivo ou convivencial. Cómpre, neste punto, facermos referencia aos progresivos avances na condición xurídica da muller casada a partir desta data e, sobre todo, logo de se aprobar a Constitución española de 1978.

- a) Lei 56/1961, do 22 de xullo, sobre dereitos políticos profesionais e de traballo da muller²³.
- b) Lei 96/1966, do 28 de decembro, que suprime a limitación fixada no apartado c) do número dous do artigo terceiro da Lei do 22 de xullo de 1961 sobre dereitos da muller.
- c) Lei 14/1975, do 2 de maio, sobre a reforma de determinados artigos do Código civil e do Código de comercio sobre a situación xurídica da muller casada e os dereitos e deberes dos cónxuxes.
- d) Lei 30/1981, do 7 de xullo, pola que se modifica a regulación do matrimonio no Código civil e se determina o procedemento que hai que seguir nas causas de nulidade, separación e divorcio.
- e) Lei 13/2005, do 1 de xullo, pola que se modifica o Código civil en materia de dereito a contraer matrimonio²⁴.

²² Consúltese o artigo 57 do Código civil de 1889, hoxe vixente.

²³ Convén salientarmos que esta lei permitía o traballo das mulleres casadas, sempre que contasen coa autorización do marido (licenza marital), agás determinadas prohibicións relacionadas con algúns tipos de profesións ou carreiras.

²⁴ Desde o punto de vista da subxectividade xurídica e política dos suxeitos, resulta interesante analizar a evolución normativa nesta materia co estudo de leis como a Lei do 15 de xullo de 1954, pola que se modifican os artigos 2.º e 6.º da Lei de *vagos e*

- f) Lei 15/2005, do 8 de xullo, pola que se modifican o Código civil e a Lei de axuízamento civil en materia de separación e divorcio.
- g) Lei 3/2007, do 15 de marzo, reguladora da rectificación registral da mención relativa ao sexo das persoas²⁵ etc.

3.4. Na mesma liña teríamos que referirnos a algúns preceptos do Código penal de 1944, xa que a figura do uxoricidio, recollida no artigo 428, precepto vixente até 1963, dispoñía o seguinte: «O marido que, sorprendendo en adulterio á muller, matase no acto os adúlteros ou algúns deles, ou que causase lesións graves, será castigado coa pena de desterro. Se prodúcese lesións doutra clase, ficará exento de pena». A delimitación penal do uxoricidio poñía de manifesto en quen pensaba o lexislador penal á hora de dotalo de contido e, neste sentido, cal era o ben xurídico que se buscaba protexer.

- a) Máis preto no tempo, habería que extrapolar estas reflexións críticas á construción xurídica sobre o consentimento sexual²⁶ ou a tipificación do acoso sexual.
- b) Canto ao acoso sexual, non é até 1995 que o Código penal español o tipifica como delito. A redacción orixinal do seu artigo 184 dicía: Quen solicite favores de natureza sexual, para si ou para un terceiro, no ámbito dunha relación laboral, docente ou de prestación de servizos, continuada ou habitual, e que con tal comportamento provoque na vítima unha situación obxectiva e gravemente intimidatoria, hostil ou humillante, será castigado, como autor de acoso

maleantes, do 4 de agosto de 1933, e mais a Lei 16/1970, do 4 de agosto, sobre perigo e rehabilitación social.

²⁵ Sobre esta materia, véxanse os desenvolvementos normativos autonómicos. Entre outros, falamos da Lei 8/2017, do 7 de abril, integral do recoñecemento do dereito á identidade e á expresión de xénero da Comunidade Valenciana, en que se recoñece o dereito de autodeterminación de xénero das persoas que manifestan unha identidade de xénero sentida como diferente da asignada no momento de nacer.

²⁶ TORRES, M.^a Concepción (2017c). «Sobre el consentimiento sexual (y algo más)». Agenda Pública [páxina web]. <https://bit.ly/2V9k1H5>.

sexual, coa pena de arresto de doce a vinte e catro fins de semana ou multa de seis a doce meses.

- c) Tamén no ámbito penal cómpre non esquecer a evolución no tratamento xurídico da violencia de xénero, que, malia todo, non se atreveu a romper coa estrutura sociosexual do sistema sexo/xénero²⁷ até a xa mencionada Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro. Aínda que esta norma se aprobou por unanimidade no Parlamento, resultou moi cuestionada no ámbito da praxe do foro para quen o aplica e o interpreta no caso concreto. Todo iso a pesar do aval de constitucionalidade do máximo intérprete da Constitución a través da Sentenza do Tribunal Constitucional 59/2008, do 14 de maio, a partir da cal se fai necesario profundar en dous aspectos que se volven esenciais: dun lado, para tentar aclarar que achega o xénero²⁸ como categoría de análise xurídica no ámbito da violencia contra as mulleres e, do outro, para examinar en que termos se pronuncia o Tribunal Constitucional ante os preceptos penais cuestionados.
- d) Unha vez chegados a este punto habería que apuntar as modificacións normativas iniciadas en 2015²⁹, que recoñeceron, cos seus defectos, o dereito das mulleres a unha vida libre de violencia de

²⁷ TORRES, M.^a Concepción (2015). «Mujeres y derechos humanos ante la violencia de género. O, la crisis como excusa frente al contrato sexual». *Cahiers de Civilisation Espagnole Contemporaine*, 15.

²⁸ TORRES, M.^a Concepción (2016). «¿Qué desvela el género en el análisis de la violencia contra las mujeres?». Agenda Pública [páxina web]. <https://bit.ly/39OuD3c>.

²⁹ Entre as modificacións normativas de 2015, cabe apuntarmos estas:

a) Introdúcese a discriminación por razón de xénero como agravante da responsabilidade criminal (artigo 22.4 do Código penal).

b) Tipifícase o matrimonio forzado (artigo 172.b do Código penal).

c) Regúlase o delito de acoso coñecido como fustrigamento (*stalking*) (artigo 172 ter. do Código penal).

d) Modifícanse os delitos relacionados coa intromisión na intimidade mediante a tipificación do novo delito de difusión de imaxes obtidas co consentimento da vítima,

xénero³⁰. A implementación da perspectiva de xénero na análise destas modificacións vólvese indispensable desde o intre en que se procura a eficacia normativa dunha serie de preceptos. O ben xurídico protexido xa non é a paz familiar (que tamén), a que se apelaba nas orixes cando o Código penal falaba de malos tratos familiares e violencia doméstica, senón garantir a igualdade, a liberdade e a seguridade das mulleres.

- e) Alén disto, habería que reflexionar neste apartado sobre o contido das medidas incluídas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero aprobado no Congreso en outubro de 2017. Tamén require un estudo crítico desde esta metodoloxía de análise, na medida en que se observa a potencialidade cara ao futuro daquelas medidas

pero sen autorización para as difundir: mensaxería sexual (*sexting*) (artigo 197.7 do Código penal).

e) Tipifícase como delito de quebrantamento da condena a manipulación de dispositivos técnicos cuxo obxectivo é controlar o cumprimento de penas, medidas de seguridade ou medidas cautelares (artigo 468.3 do Código penal).

f) Canto ás inxurias leves e as vexacións inxustas, abandonan o ámbito penal excepto no caso da violencia de xénero, en que pasan a ser tipificadas como delitos leves (artigo 172.3 do Código penal).

g) Inclúese o xénero como un dos motivos que levan a cometer os chamados delitos de odio contra un grupo ou unha persoa determinada (artigo 510 do Código penal), etc.

Sobre esta materia, véxase TORRES, M.^a Concepción (2015). «¿Qué cambia tras la modificación del Código penal en materia de violencia de género?». Agenda Pública [páxina web]. <https://bit.ly/2wjVoAu>.

Polo que respecta á protección dos menores que viven en contornas de violencia de xénero, cabe mencionarmos a Lei 26/2015, do 28 de xullo, e a Lei orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e a adolescencia.

³⁰ TORRES, M.^a Concepción (2014b). «El derecho a una vida libre de violencia de género como derecho fundamental: crítica constitucional desde el paradigma feminista», en VV. AA., *Igualdad y democracia: el género como categoría de análisis jurídico. Estudios en homenaje a la profesora Julia Sevilla* (641-655). Valencia: Cortes Valencianas.

que requiren modificacións normativas³¹, sobre todo as que apostan por ampliar o concepto normativo de violencia de xénero co fin de se adecuaren ao ámbito internacional.

3.5. No ámbito laboral e da Seguridade Social, a loita pola igualdade efectiva e real non foi menor, pois, ao fin e ao cabo, perfilou e prefigurou un modelo normativo de suxeito económico ou produtivo³² plenamente dispoñible e tradicionalmente sen obrigas no ámbito da reprodución e dos coidados. De aí as dificultades das mulleres para se incorporaren en condicións de igualdade ao traballo, cando resulta fundamental para o recoñecemento da súa subxectividade xurídica, política e económica, nomeadamente cando no momento actual se seguen a reivindicar medidas e políticas efectivas e eficaces para erradicar, por exemplo, a fenda salarial de xénero³³ ou cando se

³¹ O Pacto de Estado contra a violencia de xénero propón modificacións normativas articuladas para a abordaxe práctica desde a análise crítica da perspectiva de xénero. É dicir:

- a) a supresión da atenuante de confesión nos delitos de violencia de xénero;
- b) a supresión da atenuante da reparación do dano nos delitos de violencia de xénero;
- c) a aplicación da circunstancia agravante do artigo 22.4 do Código penal nos casos de agresión sexual ou abuso sexual;
- d) a eliminación da esixencia de fianza na comparecencia das asociacións de ámbito estatal nos procedementos de violencia de xénero;
- e) o reforzo da especialización no ámbito xudicial etc.

³² TORRES, M.^a Concepción (2012). «Estado social y sujeto productivo: un apunte constitucional desde la perspectiva de género», en VV. AA., *Actas del VIII Congreso Estatal Isonomía sobre Igualdad entre Mujeres y Hombres. El género en la economía o la economía de género* (50-58). Castellón: Universidade Jaume I.

³³ Sobre a fenda salarial de xénero, pode consultarse a pioneira STC 145/1991, do 1 de xullo, no recurso de amparo n.º 175/1989 contra a sentenza do Tribunal Central de Traballo ditada en suplicación da ditada pola Maxistratura de Traballo n.º 3 de Madrid, en autos sobre o recoñecemento de dereito derivado de convenio colectivo. Máis recentemente, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza das Canarias, que en novembro de 2017 anulou a repartición de complementos salariais de produtividade

continúa apostando por medidas e políticas a prol dunha verdadeira conciliación³⁴ da vida persoal, familiar e profesional, como tamén en materia de corresponsabilidade.

Na mesma liña habería que trazar análises críticas desde a perspectiva de xénero, con respecto aos seguintes asuntos:

- a) A consideración da maternidade como unha enfermidade e a discriminación laboral subseguinte, ao computar como ausencia laboral a baixa maternal ou a baixa por risco durante o embarazo para os efectos do cómputo de días produtivos e co fin de ter dereito ás retribucións dos variados incentivos. Respecto diso, podemos aludir a pronunciamentos xudiciais recentes do Tribunal Constitucional (STC 2/2017,³⁵ do 16 de xaneiro) e Tribunal Supremo (STS 10/2017,³⁶ do 10 de xaneiro) que non dubidaron en cualificar estas prácticas empresariais como discriminatorias por razón de sexo.

diferentes nun hotel de Tenerife ás camareiras de piso (mulleres) e aos camareiros de sala (homes), 139 euros fronte a 640 euros de complemento, respectivamente.

Téñase en conta que Islandia, un dos países mellor situados no que respecta á igualdade de xénero no índice global da fenda de xénero 2017 do Foro Económico Mundial) e coa normativa específica máis antiga para eliminar a fenda salarial de xénero (desde 1967), con todo, tivo que aprobar unha lei específica que esixe ás empresas demostraren que os empregados e as empregadas cobran o mesmo soldo polo mesmo traballo realizado. O incumprimento da norma, que entrou en vigor o 1 de xaneiro de 2018, expón as empresas a importantes sancións económicas.

³⁴ Véxase a Lei 39/1999, do 5 de novembro, para promover a conciliación da vida familiar e laboral das persoas traballadoras. Consúltese tamén o artigo 44 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, en que expresamente se fala dos dereitos de conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

³⁵ Véxase a STC 2/2017, do 16 de xaneiro, Sala Segunda, no recurso de amparo n.º 2723-2015 promovido contra a sentenza ditada pola Sala do Social do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, que desestimou, en suplicación, unha demanda de indemnización por danos e perdas en vulneración do dereito a non sufrir discriminación por razón de sexo. BOE n.º 46, do 23/02/2017.

³⁶ Véxase a STS 10/2017, do 10 de xaneiro, Sala do Social. <https://bit.ly/39R4gKo>.

- b) As discrepancias no tocante á conceptualización como ganancias das cotizacións feitas á Seguridade Social –ou calquera outro sistema de previsión– que constan na sociedade de ganancias, dado que forman parte do salario nos termos do artigo 26 do Estatuto dos traballadores.
- c) As recentes interpretacións xurisprudenciais canto á delimitación conceptual e normativa do «traballo para a casa»³⁷ para os efectos do recoñecemento da compensación fixada no artigo 1438 do Código civil en casos de divorcio no réxime de separación de bens.
- d) Os avances na doutrina xurisprudencial verbo do recoñecemento da pensión de viuvez a mulleres vítimas da violencia de xénero, a pesar de non recibir pensión compensatoria no momento do falecemento do causante e malia non cumprir cos requisitos previstos no réxime excepcional para a acreditación da condición de vítima da violencia de xénero de acordo co artigo 174.2 do Real decreto legislativo 1/1994, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social (disposición derogada) e o actual artigo 220.1 do Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro.

3.6. No ámbito do dereito tributario e das políticas fiscais, a perspectiva de xénero deixa ver os termos en que o sistema impositivo e de prestacións foi deseñado de acordo cun modelo prefigurado de familia e os roles asignados a homes e mulleres no seo destas. Este modelo lexitimou, a través do propio sistema impositivo, a dependencia económica das mulleres.

O imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF) é un claro expoñente diso, xa que o seu deseño seguiu un modelo androcéntrico de familia patriarcal/tradicional (marido/sustentador e muller/dependente) que reforza a división sociosexual do traballo a través dos sistemas de tributación conxunta. Así, a renda do marido, o principal sustentador familiar de

³⁷ Consúltense, entre outras, as SSTS 534/2011, do 14 de xullo; 135/2015, do 26 de marzo; e 136/2017, do 28 de febreiro.

forma tradicional, beneficiouse da desgravación por tributación conxunta, en concreto, da coñecida como «desgravación por esposa dependente» cando esta non percibía rendas fóra de casa.

Obviamente, a progresiva aposta por sistemas de tributación individuais, froito da maior incorporación das mulleres ao mercado laboral e os novos modelos familiares, busca sortear as obxeccións apuntadas desde a perspectiva de xénero. En relación con iso resultan ilustrativos os seguintes parágrafos extractados do preámbulo da Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos de sociedades, sobre a renda de non residentes e sobre o patrimonio. No seu apartado II, baixo a rúbrica «Obxectivos e aspectos relevantes da reforma», sinalase:

Nesta consideración das circunstancias persoais e familiares cabe efectuar unha mención á opción pola tributación conxunta. A política de non discriminación por razón de xénero e razóns de simplificación da xestión do imposto poderían xustificar a súa revisión. Non obstante, mantense o seu tratamento actual no imposto para evitar numerosos prexudicados nos matrimonios en que algún dos seus membros non pode acceder ao mercado laboral [...].

3.7. Ao fío do exposto, a introdución da perspectiva de xénero no ámbito da docencia e a investigación en dereito e criminoloxía obriga a analizar de xeito crítico as propostas realizadas en España para regular a xestación por substitución ou maternidade subrogada³⁸, as iniciativas que apostan pola legalización ou a regulamentación da prostitución, as propostas nor-

³⁸ Consúltense a proposición non de lei presentada polo grupo parlamentario de UPyD para a creación dun marco regulatorio para a xestación subrogada (2015). Véxase tamén a proposición non de lei sobre xestación subrogada do grupo parlamentario de Ciudadanos na Asemblea de Madrid (2016). Máis próxima no tempo, véxase a proposición de lei que regule o dereito á xestación por subrogación presentada polo grupo parlamentario de Ciudadanos no Congreso (2017).

mativas para dar cobertura xurídica á figura do/a asistente sexual dirixido a persoas con diversidade funcional, o financiamento da conxelación de óvulos a traballadoras como medida de protección da maternidade e como medida que busca equiparar mulleres e homes nos plans de igualdade dalgunhas empresas etc.

Xaora, todos estes exemplos instan a reflexionar desde a crítica sobre os discursos xurídicos polo que fai á construción xurídica sobre o corpo das mulleres³⁹, ao se observar como o corpo das mulleres foi e é para o dereito un corpo sexuado e un corpo reprodutor. Por tanto, un corpo/obxecto –que non suxeito– susceptible de ser regulado ou sometido a norma e, daquela, susceptible de ser obxecto de discursos alleos. É dicir, un corpo heterodesignado que non dubida en garantir a orde social establecida a través de narrativas xurídicas que, baixo unha aparente neutralidade, o instrumentalizan para garantir os desexos –que non dereitos– dos demais. Neste punto, desde o iusfeminismo, resulta obrigado interpelar o dereito co fin de descifrar os termos en que pensa ou pensou as mulleres e como se trasladou ou plasmou este pensamento no discurso xurídico⁴⁰ a través de leis, sentenzas, ditames, informes, etc.

3.8. Na mesma liña de reflexión crítica no ámbito do dereito e a criminoloxía, habería que apuntar ao fráxil recoñecemento dos dereitos sexuais e reprodutivos das mulleres, aspecto xa mencionado en parágrafos anteriores. Esta circunstancia evidencia a feble consolidación das mulleres como suxeitos xurídicos/políticos. Exemplo diso poden ser constitucións

³⁹ TORRES, M.^a Concepción (2017). «El discurso jurídico sobre el cuerpo de las mujeres o la artificiosa construcción del derecho a la gestación por sustitución». Relatorio presentado na Xornada Xestación por Substitución: Cuestións Xurídicas a Debate, que tivo lugar en Vigo o 20 de outubro de 2017. <https://bit.ly/2RiRTAo>.

⁴⁰ TORRES, M.^a Concepción (2017). «Las mujeres y el discurso jurídico ante la violencia de género: entre la concesión y el reconocimiento de derechos». Relatorio presentado no III Foro de Investigación do IUIEG. Investigar en Violencia de Xénero, que tivo lugar en Alacante os días 8-9/11/2017.

como a de Chile⁴¹, en que a vida se protexe desde o momento da concepción, o que afecta de maneira directa o dereito das mulleres como persoas e, por tanto, titulares de dereitos, a decidiren libremente sobre se teñen que ser nais ou non.

Nesta mesma liña, podemos lembrar o borrador de anteproxecto de lei orgánica de protección do concibido e non nado e dos dereitos da muller embarazada presentado o 20 de decembro de 2013⁴² e que fixo cambalear os logros no recoñecemento da subxectividade xurídica e política das mulleres no ámbito sexual e reprodutivo e evidenciou a exclusión constitucional da realidade sexuada da humanidade (mixitude)⁴³. Circunscribindo todas estas consideracións, habería que lembrar que aínda está pendente de decisión por parte do Tribunal Constitucional o recurso de inconstitucionalidade interposto polo Grupo Parlamentario Popular contra a actual Lei orgánica 2/2010, do 3 de marzo, de saúde sexual e reprodutiva e de interrupción voluntaria do embarazo.

Todo o exposto revela as potencialidades de análise que ofrece a introdución da perspectiva de xénero no ámbito do dereito e a criminoloxía, ao permitir posicionar no centro do discurso xurídico crítico as experiencias das mulleres (coñecementos situados)⁴⁴ nun sistema de relacións

⁴¹ O artigo 19 da Constitución da República de Chile di literalmente: «A Constitución asegura a todas as persoas: 1.º) O dereito á vida e a integridade física e psíquica da persoa. A lei protexe a vida do ser que está por nacer [...]».

⁴² TORRES, M.^a Concepción (2014). «Mujeres y derechos sexuales y reproductivos: cuerpos y subjetividad desde la periferia constitucional», en LEÓN, Marta e SGRÓ, María Candelaria (comps.), *La reforma del aborto en España: perspectivas de un debate (re)emergente* (119-148). Córdoba (Argentina): Católicas por el Derecho a Decidir.

⁴³ MARTÍNEZ, Eva (2000). «La legitimidad de la democracia paritaria». *Revista de Estudios Políticos*, 107: 133-149.

⁴⁴ TORRES, M.^a Concepción (2016). «Pensar la Constitución desde los conocimientos situados: revisión epistémica sobre derechos y participación». Relatorio presentada nas Xornadas Paridade e Democracia: Unha Invitación ao Futuro, que tiveron lugar en Alacante os días 19-21/07/2016.

interpersoais e institucionais que obviou a realidade sexuada das persoas destinatarias das normas e das políticas públicas. Neste punto, e dentro das propostas xerais para implementar a perspectiva de xénero nos eidos do dereito e a criminoloxía, cómpre destacarmos os seguintes ítems:

- a) Análise e estudo comparativo das declaracións de dereitos, constitucións históricas, etc., co fin de determinar en que termos se recoñece e se recoñeceu a subxectividade xurídica e política dos suxeitos de dereito.
- b) Análise e estudo do contexto histórico e social no que se pactan estes documentos, cunha especial incidencia na posición e o lugar ocupado polas mulleres ou asignado ás mulleres.
- c) Análise e estudo de textos e discursos elaborados para mulleres, ou protagonizados por mulleres, en resposta aos agravios xurídicos históricos e actuais derivados da falta de recoñecemento da súa subxectividade.
- d) Reflexión crítica sobre a construción xurídica do concepto de persoa e a aparente neutralidade deste desde o sistema sexo/xénero.
- e) Reflexión crítica do valor pedagóxico das normas e da capacidade de conformación sociosexual dunha realidade que foi historicamente androcéntrica e, xa que logo, de acordo cun sistema acrítico coa discriminación estrutural do sistema sexo/xénero.
- f) Análise e estudo de categorías xurídicas básicas relacionadas coa subxectividade xurídica dos suxeitos, e, en concreto, de categorías tales como autonomía/heteronomía dos suxeitos, recoñecemento/outorgamento de dereitos, etc.
- g) Reflexión crítica sobre a necesaria distinción nas normas de categorías como o sexo e o xénero, e da forma en que o xénero se erixe en categoría transversal de análise xurídica.
- h) Análise das estruturas de poder implícitas no discurso xurídico e nas narrativas xurídicas.

- i) Análise e estudo das potencialidades do cambio de paradigma na interpretación e a aplicación normativa desde a perspectiva de xénero, o iusfeminismo ou feminismo xurídico.
- j) Análise e estudo dos avances desde o punto de vista normativo, internacional e nacional, en materia de igualdade e erradicación de calquera forma de discriminación.
- k) Análise e estudo das potencialidades do concepto de discriminación e discriminación estrutural cando apela de forma directa á dilixencia debida no ámbito estatal.
- l) Análise e estudo dos obstáculos e as resistencias na introdución do paradigma feminista, iusfeminismo ou feminismo xurídico, na praxe diaria do foro parlamentario, xudicial, administrativo, político, empresarial, económico, cultural, etc.

•• 04. Propostas para introducir a perspectiva de xénero na docencia en dereito e criminoloxía

Neste apartado desenvólvense propostas para a implementación da perspectiva de xénero na docencia oficial dos graos e mestrados de Dereito e Criminoloxía. Os ítems que se deben desenvolver en cada unha das materias seleccionadas, que exemplifican a inclusión da devandita perspectiva, son os seguintes: obxectivos da materia, contido, modalidades organizativas das dinámicas docentes, métodos docentes e propostas de avaliación.

Grao en Dereito

Deseguido, analízase a materia Xustiza Constitucional e Interpretación Constitucional. No apartado 8 desta guía (Para afondar), trataremos a materia Dereito de Liberdade de Crenzas:

Materia: Xustiza Constitucional e Interpretación Constitucional⁴⁵

Materia optativa que se estuda en 4.º do grao en Dereito da Universidade de Alacante, dentro do itinerario de Dereito Público. O código da materia é 19038 e ten asignados 6 ETCS.

a) Obxectivos específicos

- Estudo do cumprimento, a tutela e a aplicación das normas xurídicas constitucionais e os mecanismos de control e tutela constitucional.
- Estudo do carácter supremo e normativo da Constitución española, a que deben suxeitarse todos os poderes do Estado.
- Estudo da eficacia normativa dos preceptos constitucionais mediante o control de constitucionalidade dos poderes do Estado, o exame ou o control da constitucionalidade das leis, a resolución

⁴⁵ Información sobre a materia na páxina web da Universidade de Alacante: <https://bit.ly/2Xg5NXX>.

de conflitos entre poderes e órganos do Estado, amais da tutela constitucional dos dereitos e liberdades.

b) Contidos

A materia divídese en cinco unidades didácticas:

- Unidade didáctica 1. A xustiza constitucional: concepto, orixe e evolución

Xunto ás categorías xurídicas e ideas forza desta unidade, incorporar a perspectiva de xénero obriga a reflexionar, por exemplo, sobre como os diferentes modelos de xustiza constitucional articulados ao redor da garantía da supremacía constitucional mediante límites aos poderes do Estado resultaron ser insuficientes para identificar, visibilizar e, por tanto, controlar o chamado «poder patriarcal» ou sistema sexo/xénero.

- Unidade didáctica 2. Modelos de xustiza constitucional. O Tribunal Constitucional: dereito comparado

Xunto ao estudo dos diferentes modelos de xustiza constitucional e a composición, a organización, a elección e o estatuto xurídico das persoas integrantes do Tribunal Constitucional, desde a perspectiva de xénero habería que reflexionar sobre a infrarrepresentación das mulleres como maxistradas no seu seo, polo que resulta imposible falar do «principio de presenza ou composición equilibrada».

Neste punto cómpre mencionarmos que o primeiro Tribunal Constitucional (1980) estivo formado por 11 maxistrados e unha soa maxistrada, situación que se mantivo até a súa terceira renovación parcial (1989), en que as mulleres desapareceron do máximo intérprete constitucional, o cal quedou constituído por 12 maxistrados. Na sexta renovación parcial (1998) unha maxistrada volve formar parte deste tribunal, xunto a 11 maxistrados, até chegar o ano 2001, cando se produce un feito insólito, pois por primeira vez dúas maxistradas forman parte do Tribunal Constitucional ao mesmo tempo.

Desde esta perspectiva habería que reflexionar sobre o papel e o labor do Tribunal Constitucional como garante dos dereitos das mulleres, tendo en conta que se erixe en intérprete supremo da Constitución en cuxa sede se atopa o último estadio para a protección dos dereitos fundamentais no ámbito nacional.

- Unidade didáctica 3. Función da xustiza constitucional. O carácter normativo e supremo da Constitución. O control de constitucionalidade

O exame da función da xustiza constitucional desde a perspectiva de xénero obriga a reflexionar sobre o papel do máximo intérprete constitucional para recoñecer, pola vía xurisprudencial, a sexuación dos suxeitos de dereitos e os seus efectos na análise de casos concretos, alén da capacidade de irradiación da doutrina do Tribunal Constitucional ao resto de poderes do Estado.

Esta cuestión non pode resultar anódina mentres as mulleres, como suxeitos xurídico-políticos, seguen instaladas na alteridade constitucional respecto ao suxeito xurídico universal. Este é o motivo de que a igualdade efectiva e real non se articulase en sede constitucional desde o recoñecemento de dous suxeitos igualmente diferentes, sen cumprir que un sexa o modelo do outro. O momento actual, desde a perspectiva de xénero, insta a unha redefinición do suxeito «persoa» e a unha resignificación da categoría «sexo» como feito biolóxico que implica a diferenza mutua entre os suxeitos sen necesidade dun padrón de referencia a que haxa que adaptarse ou en que haxa que encaixar.

- Unidade didáctica 4. Interpretación constitucional: concepto e criterios de interpretación. Instrumentos de interpretación constitucional. Perspectiva de xénero

Nesta unidade didáctica, canda aos criterios tradicionais de interpretación xurídica postulados por Savigny e recollidos no artigo 3.1 do Código civil (gramatical, sistemático, teleolóxico, histórico e evolutivo), introdúcese a perspectiva de xénero como criterio de interpretación constitucional e afóndase no seu sustento.

Ao respecto, cabe mencionar os artigos 1.1, 9.2, 10.1, 10.2, 14 e 96 da Constitución, que contan cunha importante dimensión internacional. Ademais, cómpre precisar a centralidade dos criterios teleolóxico e evolutivo, ambos relacionados coa existencia dunha interpretación máis favorable ao exercicio de dereitos fundamentais e de acordo coa realidade social do tempo no que deben ser aplicadas as normas. Nesta epígrafe, a análise do principio de proporcionalidade téndoo en conta *strictu sensu* xunto co xuízo de idoneidade e o xuízo de necesidade dota de valor engadido a revisión da xurisprudencia constitucional.

- Unidade didáctica 5. As resolucións do Tribunal Constitucional
Desde a perspectiva de xénero, o estudo proxéctase sobre cada un dos procedementos que é competente para coñecer o Tribunal Constitucional⁴⁶, os tipos de resolución que emite e os seus efectos, así como a súa extensión con respecto ao resto de poderes do Estado. De igual maneira, préstase especial atención aos elementos esenciais e a metodoloxía para continuar a xulgar con perspectiva de xénero.

A centralidade da temática desta unidade cobra un especial valor ao termos en conta que o Tribunal Constitucional é o articulador da xustiza constitucional, coa capacidade de expulsar do ordenamento xurídico aquelas normas contrarias ao texto constitucional, como se fose unha sorte de lexislador negativo. Desde o punto de vista da tutela dos dereitos fundamentais e, daquela, do recoñecemento da subxectividade xurídica e política dos suxeitos, o Tribunal Constitucional éríxese en última instancia, no ámbito nacional,

⁴⁶ TORRES, M.^a Concepción (2016). «La Justicia Constitucional desde el estudio crítico de casos: análisis jurisprudencial», en TORTOSA, María Teresa; GRAU, Salvador e ÁLVAREZ, José Daniel (coords.), *XIV Jornades de Xarxes d'Investigació en Docència Universitària. Investigació, innovació i ensenyament universitari: enfocaments pluridisciplinaris* (1303-1319). Alacante: Universidade de Alacante.

como a instancia capaz de garantir e facer plenamente efectivos os dereitos e as liberdades cunha incidencia directa na vida das persoas e, por tanto, na vida das mulleres.

c) Modalidades organizativas e métodos docentes

A docencia e a transferencia de coñecementos na materia parte dunha interacción continua docente-discente. Xa que logo, todas as actividades propostas na aula requiren unha participación activa por parte do alumnado. O estudo de cada unha das categorías xurídicas e das ideas extractadas en cada unidade didáctica realízase directamente a través da lectura das fontes orixinais, é dicir, sentenzas e outras resolucións do Tribunal Constitucional previamente seleccionadas polo profesorado.

O traballo realízase en grupos de cinco ou seis persoas integrados por alumnado dos dous sexos nunha proporción equilibrada. Os grupos elixirán unha persoa que exercerá o cargo de voceiro/a e que cambiará en cada sesión práctica de clase. O obxectivo é que, tras o estudo das sentenzas asignadas e a análise conxunta seguindo os parámetros dados, se faga unha breve exposición e se identifiquen os elementos conflictivos susceptibles de debate xurídico/constitucional. Na mesma liña participativa atópase o resto de actividades propostas para traballar na aula: cuestionarios de fundamentación xurídica/constitucional, exposicións grupais de cada un dos 11 procedementos que é competente para coñecer o Tribunal Constitucional, participación guiada nos foros virtuais académicos de debate, redacción dun ensaio sobre unha das lecturas propostas, etc. Este modelo de interacción docente-discente continuado desde a perspectiva de xénero procura os seguintes obxectivos:

- Fomentar o traballo en grupos formados por un alumnado diverso non só desde o punto de vista do sexo/xénero.
- Fomentar a corresponsabilidade no tocante ás actividades asignadas entre o alumnado integrante do grupo, porque do seu traballo depende non só a nota individual, senón a nota grupal.
- Fomentar a dialéctica e as estratexias para a exposición pública dos argumentos e as conclusións extractadas.

- Fomentar a análise crítica utilizando categorías xurídicas/constitucionais.
- Dar resposta ás cuestións xurídicas expostas desde os instrumentos válidos en dereito e, especificamente, en dereito constitucional.
- Aplicar a perspectiva de xénero no razoamento xurídico como ferramenta esencial de fundamento constitucional.
- Fomentar a capacidade de diálogo e as alternativas na resolución de conflitos.
- Fomentar dinámicas de aprendizaxe proactivas e participativas.
- Fomentar o manexo e a procura das fontes básicas en dereito constitucional: códigos, leis, manuais, artigos doutriniais, ditames, etc.

d) Propostas de avaliación

A avaliación da materia está deseñada para seguir o modelo da avaliación continua. Desde a perspectiva de xénero, son varios os aspectos que se teñen en conta á hora de puntuar ou ponderar: participación, implicación, capacidade de empatía, capacidade de crítica e autocrítica, capacidade de superación, etc. Neste sentido, a distribución das porcentaxes de cada unha das actividades propostas exemplifícase a continuación:

- Actividades de avaliación continua: 60% da nota final.
- Memoria final de actividades (inclúe análises grupais de sentenzas, cuestionarios para a fundamentación constitucional, sinopse de artigos doutriniais, etc.): 25% da nota final.
- Ensaio individual dunha das lecturas recomendadas: 15% da nota final.
- Exposición grupal dos procedementos que é competente o Tribunal Constitucional: 15% da nota final.
- Participación en foros: 5% da nota final.
- Proba obxectiva de coñecementos: 40% da nota final.

Grao en Criminoloxía

A continuación, tratamos a materia Violencia de Xénero. No apartado 8 (Para afondar), exponse a análise da materia Vitimoloxía.

Materia: Violencia de Xénero⁴⁷

Materia optativa que se estuda en 4.º do grao en Criminoloxía da Universidade de Alacante. O código da materia é 18533 e ten asignados 6 ETCS.

a) Obxectivos específicos

- Delimitar conceptual e normativamente a violencia de xénero.
- Diferenciar a violencia de xénero de calquera outro tipo de violencia interpersoal.
- Dotar o alumnado das ferramentas necesarias para a identificación, a detección e a intervención.
- Analizar a complexidade da materia nos diferentes ámbitos de interacción.
- Coñecer as modificacións normativas no ámbito penal, civil e administrativo, ademais eliminar mitos e estereotipos relacionados coa violencia de xénero.

b) Contido

A materia estrutúrase ao redor de catro módulos temáticos:

- Módulo I. 1.1. Aproximación ao concepto de violencia de xénero. 1.2. Causas estruturais da violencia contra a muller. 1.3. Formas e manifestacións da violencia contra as mulleres: a) violencia na comunidade; b) violencia cometida ou tolerada polo Estado; c) violencia en conflitos armados; d) violencia e discriminación múltiple; e) violencia dentro da familia. 1.4. Violencia de xénero ao longo do ciclo vital: a) prenatal; b) primeira infancia; c) segunda infancia; d) adolescencia; e) etapa adulta e madurez; f) ancianidade e involución.

⁴⁷ A información institucional sobre a materia pódese consultar no enderezo web: <https://bit.ly/2RdhDoP>.

Desde a perspectiva de xénero, a correcta conceptualización da violencia de xénero obriga a referenciar o marco internacional. En concreto, a Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller da Asemblea das Nacións Unidas de 1993 que, no artigo 1, define a violencia contra as mulleres como «todo acto de violencia baseado na pertenza ao sexo feminino que ten ou pode ter como resultado un dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico para a muller, así como as ameazas destes actos, a coacción ou a privación arbitraria da liberdade, tanto se se produce na vida pública como na privada». Nesta mesma liña pronúnciase o Convenio do Consello de Europa sobre a prevención e loita contra a violencia contra a muller e a violencia doméstica (Istambul, 11/05/2011) e, en concreto, no seu artigo 3, apartado a).

Alén disto, cómpre non esquecermos a Recomendación xeral n.º 19 do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller, na que a violencia contra a muller por motivos de xénero se define como a «violencia dirixida contra a muller porque é muller ou que lle afecta de maneira desproporcionada. Inclúense actos con danos ou sufrimentos de índole física, mental ou sexual, ameazas de cometer eses actos, coacción e outras formas de privación da liberdade».

Pola súa vez, a Convención interamericana para previr, sancionar e erradicar a violencia contra a muller (Convención de Belém do Pará, 1994) define así a violencia contra a muller no artigo 1: «calquera acción ou conduta, baseada no seu xénero, que causa morte, dano ou sufrimento físico, sexual ou psicolóxico á muller, tanto no ámbito público como no privado». O artigo 2 precisa que a violencia contra a muller inclúe a violencia física, sexual e psicolóxica: a) que se produce ben dentro da familia ou unidade doméstica, ben en calquera outra relación interpersoal, porque o agresor comparte ou compartiu o mesmo domicilio que a muller, e que comprende, entre outros elementos, violación, malos tra-

tos e abuso sexual; b) que ocorre na comunidade, perpetrada por calquera persoa, e que comprende, entre outros, violación, abuso sexual, tortura, tráfico de persoas, prostitución forzada, secuestro e acoso sexual no lugar de traballo, así como en institucións educativas, establecementos de saúde ou calquera outro lugar; e c) aquela perpetrada ou tolerada polo estado ou os seus axentes, onde queira que ocorrer.

- Módulo II. 2.1. Concepto de violencia de xénero no ámbito afectivo/convivencial da parella ou exparella. Tipos de violencia. Dinámica da violencia de xénero. Ciclo da violencia de xénero. 2.2. Síndrome da muller maltratada: repercusións psicolóxicas e psiquiátricas. 2.3. Protocolos de detección en casos de violencia de xénero. Predición do risco. 2.4. O agresor en violencia de xénero. 2.5. Os fillos e as fillas como vítimas da violencia de xénero.

A perspectiva de xénero obriga a reflexionar criticamente verbo das particularidades da violencia de xénero no ámbito afectivo/convivencial da parella ou exparella, no marco da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Neste punto faise imprescindible identificar os tipos de violencia máis frecuentes neste ámbito de relacións e as dificultades para detectalos, identificalos e denuncialos; as fases do ciclo da violencia teorizado por Leonor Walker: fase de tensión, explosión e lúa de mel; as múltiples dependencias das vítimas de violencia de xénero: afectiva/emocional, económica etc.; os problemas para predicir o risco e o incremento deste no momento da ruptura; a importancia da conceptualización dos menores que viven en contornas de violencia de xénero como vítimas directas da violencia que sofren as nais, sobre todo cando, en moitas ocasións, son instrumentalizados polo agresor para seguir exercendo o poder e control sobre elas.

- Módulo III. 3.1. Delimitación conceptual: violencia de xénero e violencia doméstica. 3.2. A política criminal para a prevención e repre-

sión da violencia de xénero, con especial referencia á Lei orgánica 11/2003 e á Lei orgánica 1/2004, de modificación do Código penal. 3.3. Exame do tratamento da violencia e outras manifestacións de xénero no Código penal español. 3.4. Liberdade provisoria. 3.5. Protección de datos e limitacións á publicidade. 3.6. As medidas de abandono do domicilio, afastamento e suspensión de comunicacións.

Desde a perspectiva de xénero, resulta esencial analizarmos a evolución do tratamento xurídico da violencia contra as mulleres no ámbito da parella ou exparella desde a promulgación da Lei 11/2003 e, máis en concreto, após a da Lei 1/2004; as implicacións xurídicas da conceptualización como violencia de xénero e, especificamente, como tipo de discriminación do sistema sexo/xénero e como unha vulneración dos dereitos humanos das mulleres; análise dos tipos penais despois da Lei 1/2004 e, máis recentes no tempo, despois das modificacións no Código penal de 2015; e algunhas cuestións conflitivas desde o punto de vista crítico do enfoque de xénero como as seguintes:

- A dificultade probatoria e os seus efectos na credibilidade das vítimas.
- Os problemas ante as esixencias dalgúns xulgados para acreditar un elemento intencional machista non esixido no tipo penal.
- Os aspectos xurídicos respecto á declaración da vítima/testemuña e a capacidade desta para desvirtuar a presunción de inocencia do agresor cando non hai outros elementos de proba.
- A valoración policial do risco e da evolución do risco.
- As denuncias cruzadas ou contradenuncias como estratexia de defensa dos agresores para neutralizar a aplicación da Lei 1/2004.
- A lexítima defensa das vítimas e a diferenza entre lesións defensivas e ofensivas.

- Aspectos conflictivos da aplicación do artigo 416 da Lei de axuizamento criminal sobre a dispensa da obriga de declarar das vítimas.
 - Os requisitos obxectivos esixidos para obter unha orde de protección, en concreto, o requisito da acreditación obxectiva do risco e a subxectividade/intuitividade deste.
 - Efectos xurídicos e procesuais da renuncia ao proceso por parte das vítimas e consolidación dos delitos de violencia de xénero como delitos públicos e, por tanto, perseguibles de oficio, etc.
- Módulo IV. 4.1. Os xulgados de violencia sobre a muller e as especialidades procesuais: creación, competencias na orde penal e competencias na orde civil. 4.2. Especialidades na orde penal. Xuízos rápidos: actuacións do ministerio fiscal e especialidades do procedemento. 4.3. Especialidades na orde civil. 4.4. Medidas de protección e seguridade das vítimas: penais, civís e administrativas.

A perspectiva de xénero obriga a mencionar algúns aspectos concretos relativos ás competencias na orde penal e civil dos xulgados de violencia sobre a muller. Outro aspecto que é esencial tratar son as particularidades procesuais dos xuízos rápidos e a oportunidade –ou non– que representan no ámbito da violencia de xénero, especialmente porque, en moitas ocasións, non se ten en conta a duración no tempo das situacións de violencia denunciadas e só se centran no último feito denunciado.

En relación coas medidas de protección e seguridade das vítimas, hai que reparar nos datos estatísticos dos tipos de medidas penais e civís adoptadas nos xulgados de violencia sobre a muller que publica trimestralmente o Observatorio de Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial.

Canto ás medidas civís, as críticas céntranse nas reticencias para suprimir o réxime de visitas dos agresores ou privalos do exercicio da patria potestade, malia as modificacións normativas neste sen-

tido de 2015. Isto induce a pensar que certo sector do poder xudicial aínda segue a ter reparos á hora de identificar o control e a dominación do agresor sobre a vítima como elementos chave na violencia de xénero, cando permite diferenciar agresión de violencia e conceptualizala como «estendida» (con afectación directa ás fillas e fillos), ademais de «continuada» no tempo, fronte á consideración xeneralizada de se trataren feitos puntuais realizados ao chou.

c) Modalidades organizativas e métodos docentes

Desde a perspectiva de xénero, as propostas docentes céntranse en traballos grupais de análise comparativa de leis, sentenzas, ditames, resolucións administrativas, etc. de violencia de xénero. A análise grupal posibilita a interacción do alumnado e o enriquecemento das achegas aos textos e documentos susceptibles de análise. Pola súa vez, a comparación de documentos permite reflexionar criticamente sobre a evolución da abordaxe deste tipo de violencia a respecto da eficacia normativa para erradicala.

Ao igual que nas propostas organizativas da materia comentada en parágrafos anteriores, búscase traballar con grupos formados por persoas de ambos os sexos para incrementar a visión posicionada do alumnado, con diversas traxectorias persoais, docentes e profesionais. O obxectivo é impartir unha docencia proactiva e participativa, que sirva para xerar cambios nas metodoloxías docentes, en que o propio alumnado sexa o protagonista da aprendizaxe.

Canto aos métodos ou recursos docentes para afondar nalgunhas das cuestións expostas, deseguido exemplifícanse propostas para traballar na aula:

- STC 59/2008, do 14/05/2008, que avala a constitucionalidade do artigo 153.1 do Código penal na redacción dada pola Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro. Sinopse analítica: igualdade e non discriminación, dereito desigual igualatorio, violencia de xénero.
- STC do 01/02/2016, na que se considera que non se valorou a integración da menor no auto ditado pola Audiencia Provincial de Madrid, Sección 22, que acordaba a devolución desta. Sinopse

analítica: subtracción internacional de menores, anulación do acto de entrega da menor ao pai, valoración do interese superior do menor.

- Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Civil, Sección 1.ª, do 04/02/2016. Sinopse analítica: garda e custodia, violencia de xénero, incompatible da custodia compartida coa condena por ameazas do pai.
- Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Social, do 01/20/2016. Sinopse analítica: concédese pensión de viuvez a unha vítima da violencia de xénero que se separou antes da aprobación da Lei orgánica 1/2004, ao existiren denuncias por malos tratos á marxe de que o marido fose absolto.
- Sentenza do Tribunal Supremo (TS), Sala do Penal, do 09/30/2015. Sinopse analítica: aválase a privación da patria potestade por vía penal por causa dos intentos de asasinato da parella presenciados polos fillos e lémbrese que esta pena pode acordarse na vía civil. Sinálase que debe aplicarse a nova redacción do artigo 55 do Código penal introducida na reforma de 2010, que prevé a privación da patria potestade en delitos con penas de 10 ou máis anos de prisión, sen relación directa entre delito e privación deste dereito.
- Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Penal, do 31/10/2012. Sinopse analítica: declárase que a ablación do clítoris non é cultura, senón mutilación e discriminación por razón de sexo, polo que se entende que non é aplicable o erro de prohibición.
- Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Penal, do 14/03/2012. Sinopse analítica: homicidio en grao de tentativa; malos tratos no ámbito familiar; ameazas. O delito de violencia doméstica é un tipo penal que non se esgota nunha acción concreta e nun resultado causal; contempla a agresión continuada, que afecta á integridade física, á dignidade e estabilidade psíquica da vítima, no seo dunha relación de parella.

- Sentenza da Audiencia Provincial de Asturias do 20/01/2017. Sinopse analítica: primeira sentenza en España que aplica a agravante de desprezo de xénero do artigo 22.4 do Código penal na súa modificación de 2015: «concorre no acusado a agravante de desprezo de xénero do artigo 22.4 do Código penal. Trátase dunha circunstancia introducida pola Lei orgánica 1/2015, do 30 de marzo, en vigor desde o 1 de xullo de 2015, que se fundamenta na maior culpabilidade do autor pola maior reprobabilidade do móbil que o impulsa a cometer o delito».
- Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Andalucía, Sala do Contencioso-Administrativo, do 19/12/2016. Sinopse analítica: concreción da natureza dos delitos de violencia de xénero como delitos que afectan á seguridade pública; responsabilidade estatal; protección do dereito de todos, en particular das mulleres, a vivir a salvo da violencia, tanto no ámbito público como no privado, canto cuestión de seguridade pública e, por tanto, responsabilidade do Estado.
- Sentenza do Tribunal Interamericano de Dereitos Humanos do 16/11/2009. Caso *González et al. (Campo Algodonero) vs. México*. Sinopse analítica: dilixencia debida na investigación dos feitos por parte do Estado; responsabilidade estatal por acto dos particulares; discriminación e violencia contra as mulleres; estereotipos de xénero, feminicidio, etc.
- Sentenza do Tribunal Interamericano de Dereitos Humanos do 19/11/2015. Caso *Velázquez Paiz et al. vs. Guatemala*. Sinopse analítica: dilixencia debida; responsabilidade estatal, valoracións de prexuízo e estereotipadas das mulleres como tipo de violencia e discriminación no acceso á xustiza por razóns de xénero.
- Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos do 25/09/1997. Caso *Aydin vs. Turquía*. Demanda n.º. 23178/9. Sinopse analítica: dilixencia debida por parte do Estado; nudez forzada, exame xinecolóxico, privación de liberdade, violencia sexual, etc.

- Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos do 09/06/2009. Caso *Opuzen vs. Turquía*. Sinopse analítica: o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos considerou que a violencia sufrida pola demandante atinxía un nivel de gravidade suficiente como para poder ser cualificada de «trato inhumano» nos termos do artigo 3 da Convención europea dos dereitos humanos. Ademais, xulgou por primeira vez que os actos de violencia doméstica non só contrarios aos preceptos da mencionada convención, senón tamén ao principio de non discriminación no goce daqueles dereitos recollidos no artigo 14 dese mesmo texto.
- Sentenza do Tribunal Supremo de Xustiza de Colombia, do 04/03/2015. Sinopse analítica: recoñecemento do feminicidio; homicidio dunha muller por razón de xénero; rexeitamento do argumento do crime pasional.
- Outras referencias xurisprudenciais do Tribunal Supremo español para ter en conta son estas:
 - Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Penal, 2003/2018, do 24 de maio, na que o Alto Tribunal aplica por primeira vez de forma expresa a perspectiva de xénero nun caso de asasinato en grao de tentativa.
 - Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Penal, 188/2018, do 18 de abril, na que se delimita conceptualmente a expresión «en presenza de menores» á hora de concretar a aplicación desta agravante nun caso de violencia de xénero.
 - Sentenza do Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, 1263/2018, do 7 de xullo, na que se condena o Estado español a lle pagar unha indemnización de 600 000 € por danos morais a unha muller cuxa exparella asasinou a filla común durante o réxime de visitas, logo de que o pai fose condenado por violencia de xénero.

d) Propostas de avaliación

A avaliación da materia está deseñada para seguir o modelo de avaliación continua. Desde a perspectiva de xénero os aspectos que cómpre

ter en conta coinciden cos xa comentados nas propostas de avaliación da materia examinada: participación, implicación, capacidade de empatía e de poñerse no lugar do outro/a, capacidade de crítica e autocrítica, capacidade de superación, etc. A distribución das porcentaxes de cada unha das actividades sería a que figura a continuación:

- Actividades de avaliación continua: 60% da nota final.
- Análise grupal de sentenzas, sinopses de artigos doutrinais, etc.: 25% da nota final.
- Exposición grupal dun dos temas propostos en relación coas unidades didácticas: 20% da nota final.
- Participación en foros virtuais académicos de debate xurídico: 10% da nota final.
- Participación e interacción na clase: 5% da nota final.
- Proba obxectiva de coñecementos: 40% da nota final.

•• 05. Recursos docentes

Neste apartado expóñense os criterios que se seguirán para seleccionar recursos específicos que permitan incorporar a perspectiva de xénero na docencia nos campos do dereito e a criminoloxía.

- a) A linguaxe sensible ao xénero, como instrumento de comunicación e de transferencia de coñecementos, mais tamén como creadora dun imaxinario simbólico e referencial da contorna na que se convive, vólvese chave nestes eidos. Dada a deriva androcéntrica e patriarcal de ambas as disciplinas académicas, as reflexións críticas tocante á linguaxe xurídica e criminolóxica son elementos para ter en conta ao longo de todo o proceso de aprendizaxe. As guías e pautas elaboradas por moitas universidades para fomentar o uso dunha linguaxe non sexista constitúen bos puntos de partida para concienciar o alumnado.
- b) Respecto á selección de exemplos prácticos ou de materiais para lle trasladar ao alumnado dunha maneira máis conectada coa realidade os coñecementos teóricos explicados na clase, resulta conveniente dos estereotipos que abundan no modo de socialización diferenciada do sistema sexo/xénero. Neste sentido, cómpre apostar por exemplos que poñan de manifesto as potencialidades do xénero como instrumento de transformación social e consolidación xurídica dos suxeitos de dereito.
- c) Canto aos datos cuantitativos en dereito e criminoloxía, a súa desagregación por sexo ofrece lecturas enriquecedoras que poñen de manifesto a importancia das análises críticas e a visibilización numérica dos efectos nos suxeitos da elaboración de leis ou a resolución de casos cegos ao xénero. Pola contra, a análise de casos pola vía interpretativa ou aplicativa desde a perspectiva de xénero, ben como a propia elaboración normativa, permite obter estatísticas nas que é doado observar un cambio de tendencia no que

atinxe ao resultado final con afectación directa na vida das persoas, na súa calidade de suxeitos de dereitos.

- d) Verbo da selección de materiais para traballar na aula é importante precisar os seguintes aspectos:
- Xunto cos materiais típicos (leis, sentenzas, ditames, informes etc.), a perspectiva de xénero insta a empregar outro tipo de materiais, como novas seleccionadas, titulares de prensa, documentais etc., que permiten trasladar á aula exemplos relacionados cos contidos teóricos. Tales materiais complementarios permiten concienciar o alumnado da actualidade dos contidos tratados na clase, para alén da importancia de reflexionar criticamente e trasladar esta reflexión ás contornas de fóra das aulas.
 - O uso ou a recomendación de lecturas amais dos manuais e códigos tradicionais nas disciplinas axuda á conformación desta mentalidade crítica co modo de socialización diferenciada do sistema sexo/xénero. Nos ámbitos do dereito e a criminoloxía o recurso a novelas, ensaios, biografías, libros de viaxes, etc. resulta moi enriquecedor e, asemade, unha maneira moi útil e amena de transferir coñecementos. A modo de exemplo algunhas lecturas recomendadas que se prestan á análise crítica do xénero poderían ser estas:

<i>Os inimigos íntimos da democracia</i> , de Tzvetan Todorov	<i>O milenio orfo. Ensaio para unha nova cultura política</i> , de B. de Sousa Santos
<i>Pensamento crítico, constitucionalismo crítico</i> , de Carlos de Cabo Martín	<i>Sexo e filosofía. Sobre mulleres e poder</i> , de Amelia Valcárcel
<i>Occidente e os Outros</i> , de Sophie Bessis	<i>Defenderse do poder. Para unha resistencia constitucional</i> , de Ermanno Vitale

<i>Froita prohibida. Unha aproximación histórica ao estudo do Dereito e do Estado</i> , de Juan Ramón Capella	<i>O capital no século XXI</i> , de Thomas Piketty
<i>Cara a unha nova política sexual: as mulleres ante a reacción patriarcal</i> , de Rosa Cobo	<i>Filosofía, crítica e (re)flexións feministas</i> , de Luisa Posada Kubisa
<i>Neoliberalismo sexual. O mito da libre elección</i> , de Ana de Miguel	<i>A miña patria era a semente dunha mazá</i> , de Herta Müller
<i>Vivir co tempo prestado</i> , de Zygmunt Bauman	<i>Liberdade</i> , de Zygmunt Bauman
<i>A dominación masculina</i> , de Pierre Bourdieu	<i>O segundo sexo</i> , de Simone de Beauvoir
<i>O contrato sexual</i> , de Carole Pateman	<i>Patria</i> , de Fernando Aramburu
<i>A filla estranxeira</i> , de Najat El Hachimi	<i>O caderno duorado</i> , de Doris Lessing
<i>A muller comestible</i> , de Margaret Atwood	<i>Cumios borrascosos</i> , de Emily Brontë
<i>A muller do cabelo vermello</i> , de Orhan Pamuk	<i>Cando sae a reclusa</i> , de Fred Vargas
<i>A orde do día</i> , de Éric Vuillard	<i>Fortunas do feminismo</i> , de Nancy Fraser

- Selección, recomendación e visualización de películas. A simbiose entre o dereito e a criminoloxía co cinema ten unha potencialidade extraordinaria á hora de transferir coñecementos e promover o traballo participativo e colaborativo nas aulas, especialmente cando logo se realizan actividades complementarias relacionadas cos conceptos teóricos explicados: tests, comentarios de fragmentos, etc. A posta en común das actividades guiadas permite observar as diferentes narrativas e fomentar o posicionamento crítico do alumnado. Velaquí unha pequena selección:

<i>Testemuña de cargo</i> , dirixida por Billy Wilder (1957)	<i>Anatomía dun asasinato</i> , dirixida por Otto Preminger (1959)
<i>Matar un rei seño</i> , dirixida por Robert Mulligan (1962)	<i>No nome do pai</i> , dirixida por Jim Sheridan (1993)
<i>Philadelphia</i> , dirixida por Jonathan Demme (1993)	<i>Lexítima defensa</i> , dirixida por Francis Ford Coppola (1997)
<i>Se as paredes falasen</i> , dirixida por Nancy Savoca (2013)	<i>Pena de morte</i> , dirixida por Tim Robbins (1995)
<i>En terra de homes</i> , dirixida por Niki Car (2005)	<i>Douche os meus ollos</i> , dirixida por Icíar Bollín (2003)
<i>Durmindo co inimigo</i> , dirixida por Joseph Ruben (1991)	<i>Princesas</i> , dirixida por Fernando León (2005)
<i>En terra estraña</i> , dirixida por Icíar Bollín (2014)	<i>A librería</i> , dirixida por Isabel Coixet (2017)

•• 06. Ensinar a facer investigación sensible ao xénero

Nesta epígrafe recóllense algunhas directrices para o desenvolvemento do traballo de fin de grao (TFG) ou de fin de máster (TFM) nos campos do dereito e a criminoloxía con perspectiva de xénero na investigación. En calquera caso, debemos facer notar que en todo o desenvolvemento da investigación debe utilizarse unha linguaxe inclusiva, que permita visibilizar as mulleres, sobre todo cando se inclúen achegas de persoas expertas na materia ou que xa investigaron sobre o tema. Por iso, resulta crucial partir dun borrador ou esquema de traballo que, cando menos, conteña os seguintes apartados:

- a) **Introdución.** Aquí contextualízase a investigación que se desenvolveu e inténtase dar resposta ás seguintes cuestións: a motivación para investigar sobre a materia, a relevancia actual da investigación, etc. Cómpre introducir nesta sección algunhas consideracións sobre a perspectiva de xénero, para poñer de manifesto a transversalidade do xénero como categoría de análise no deseño de calquera actividade investigadora.
- b) **Obxectivos.** Neste apartado expoñeranse os obxectivos que se buscaron coa investigación ou o estudo formulados, que deben incluír o enfoque de xénero. Daquela, abranguerá reflexións críticas relacionadas con como afecta a mulleres e a homes a normativa analizada, a evolución xurisprudencial seleccionada, os seus efectos ou consecuencias etc.
- c) **Hipótese de partida.** Na parte inicial da investigación hai que presentar algunhas hipóteses iniciais. A incorporación da perspectiva de xénero nas hipóteses de que se parte ten interese polo seguinte motivo: permite realizar unha análise transversal no desenvolvemento da investigación, co fin de validar finalmente –ou non– as hipóteses de partida.
- d) **Estado da cuestión.** Falamos dos aspectos esenciais do momento no que nos atopamos en relación coa materia ou o tema sobre o

que se decidiu investigar. En dereito e criminoloxía, normalmente pártese da situación normativa dunha materia, os resultados aplicativos e interpretativos sobre un asunto, as lagoas xurídicas vinculadas a unha temática, etc. Xa que logo, este apartado resulta crucial á hora de complementarmos a perspectiva de xénero, dado que permite analizar a situación de partida desde esta lóxica de análise para visibilizar elementos críticos no marco da asimetría sociosexual do sistema sexo/xénero.

- e) Metodoloxía. A perspectiva de xénero permite deseñar estratexias de análise nas que as miradas sobre a temática que se vai investigar sexan plurais e, ademais, se posicionen desde o lugar no que se atopa o suxeito que leva a cabo a investigación. Por tanto, posibilita apelar directamente ao privilexio epistémico a que se refiren as diferentes epistemoloxías feministas, que outorgan un valor engadido á investigación planeada cando a metodoloxía elixida para desenvolve-la ten en conta a asimetría sociosexual do sistema sexo/xénero.

Neste sentido, e con independencia de que as investigacións no campo do dereito adoiten ser descritivas (análise cualitativa), é importante non descoidarmos as análises cuantitativas que, desde a perspectiva de xénero, permiten desagregar datos por sexo, por exemplo, en relación cos efectos de aplicacións normativas aparentemente neutrais no que respecta ao sexo, mais con diferentes efectos sobre este aspecto.

- f) Análise e discusión dos resultados. O enfoque de xénero facilita que a análise e a discusión dos resultados valore a socialización diferenciada de mulleres e homes. Isto implica que se se examinen leis e aplicacións normativas –ou interpretacións destas– fronte ás lagoas existentes, amais de ter en conta que as normas non son nin nunca foron neutrais no que atinxe aos suxeitos destinatarios. É máis, desde a formulación do dereito e a criminoloxía, a perspectiva de xénero permite introducir unha crítica xeral tanto ao

modelo simbólico como ás narrativas xurídicas que se crearon –e crean– e o lugar que ocupan ou teñen asignado os suxeitos destinatarios.

- g) Conclusións. Neste apartado débense recoller de xeito sintético os aspectos conclusivos relevantes tras a discusión e a análise dos resultados. Nas conclusións do enfoque de xénero permitirá inferir propostas de melloras acordadas coa visión e a dimensión plural da realidade sociosexual desde o dereito ou a criminoloxía.

•• 07. Recursos pedagóxicos

Webgrafía

- a) Ministerio do Interior. Estatísticas do Sistema Viogén
<https://bit.ly/2RuX4NE>
- b) Instituto da Muller e para a Igualdade de Oportunidades
<https://bit.ly/34qUYn6>
- c) Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero (Consello Xeral do Poder Xudicial)
<https://bit.ly/34ExcEp>
- d) Tribunal Constitucional
<https://bit.ly/3aZILZ6>
- e) Defensor do Pobo
<https://bit.ly/2ViExoN>
- f) Ministerio Fiscal. Atención á cidadanía
<https://bit.ly/2VnXAxJ>
- g) Consello Xeral da Avogacía Española
<https://bit.ly/2XtKEsU>
- h) Corte Interamericana de Dereitos Humanos
<https://bit.ly/2xkcRHW>
- i) Tribunal Europeo de Dereitos Humanos
<https://bit.ly/2XrVQ9B>
- j) Axencia Europea de Dereitos Fundamentais
<https://bit.ly/2xoq8iJ>
- k) Rede Feminista de Dereito Constitucional
<https://bit.ly/3cm5VJx>
- l) Asociación de Mulleres Xuízas de España
<https://bit.ly/2Xsx5db>
- m) Women's Link Worldwide
<https://bit.ly/3b2l81R>

- n) Femicidio
<https://bit.ly/3b21BPd>
- o) Tribuna Feminista
<https://bit.ly/2V1EL4x>

Bibliografía

- ADÁN, Carme (2006). *Feminismo y conocimiento. De la experiencia de las mujeres al ciborg*. A Coruña: Spiralia Ensayo.
- AMORÓS, Celia e DE MIGUEL, Ana (2005). *Teoría feminista: de la Ilustración a la globalización. De la Ilustración al segundo sexo, I*. Madrid: Minerva.
- ANDERSON, Elizabeth (1995a). «Feminist Epistemology: An Interpretation and Defense». *Hypatia*, 10: 50-80.
- ANDERSON, Elizabeth (1995b). «Knowledge, Human Interests, and Objectivity in Feminist Epistemology». *Philosophical Topics*, 23: 27-58.
- ATIENZA, Manuel (2012). *El sentido del Derecho*. Barcelona: Ariel.
- BOURDIEU, Pierre (2005). *La dominación masculina*. Barcelona: Anagrama.
- BUTLER, Judith (2001). *Mecanismos psíquicos del poder. Teorías de la sujeción*. Madrid: Cátedra.
- CAMPOAMOR, Clara e KENT, Victoria (1931). Intervencións na sesión das Cortes Constituíntes da República española do 01/10/1931. <https://bit.ly/2wX7jmQ>.
- COBO, Rosa (2011). *Hacia una nueva política sexual: las mujeres ante la reacción patriarcal*. Madrid: Catarata.
- DE BARBIERI, Teresita (1998). «Acerca de las propuestas metodológicas feministas», en Bartra, Eli (comp.), *Debates en torno a una metodología feminista* (103-109). México: Universidade Autónoma Metropolitana.
- DE BEAUVOIR, Simone (2008-2010). *O segundo sexo*, vol. I e II. Vigo: Xerais.
- DE MIGUEL, Ana (2015). *Neoliberalismo sexual. El mito de la libre elección*. Madrid: Cátedra.
- DÍAZ, Capitolina e DEMA, Sandra (2013). «Metodología no sexista en la investigación y producción del conocimiento», en ídem (eds.), *Sociología y género* (65-86). Madrid: Tecnos.

- FACIO, Alda (2000). «Hacia otra teoría crítica del Derecho», en HERRERA, Gioconda (coord.), *Las fisuras del patriarcado. Reflexiones sobre feminismo y derecho* (15-44). Quito: FLACSO.
- FERRAJOLI, Luigi (2006). *Derechos y garantías. La ley del más débil*. Madrid: Trotta.
- FOUCAULT, Michel (1984). *Un diálogo sobre el poder*. Madrid: Alianza.
- FRASER, Nancy (2015). *Fortunas del feminismo*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- FRASER, Nancy (1990). «¿Qué tiene de crítica la teoría crítica?», en BENHABIB, Seyla e CORNELL, Drucilla (eds.), *Teoría feminista y teoría crítica*. Valencia: Alfons el Magnànim.
- HARAWAY, Donna (1995). «Conocimientos situados: la cuestión científica en el feminismo y el privilegio de la perspectiva parcial», en ídem, *Ciencia, cyborgs y mujeres. La invención de la naturaleza* (303-346). Madrid: Cátedra.
- HARDING, Sandra (1987). «Is there a feminist method?», en ídem, *Feminism and Methodology*. Bloomington/Indianápolis: Indiana University Press.
- KELLER, Evelyn e LONGINO, Helen (eds.) (2004). *Feminism and Science*. Nova York: Oxford University Press, p. 244.
- LOMBROSO, Cesare e FERRERO, Guglielmo (1895). *The female offender*. Nova York: D. Appleton.
- MACKINNON, Catharine (2007). *Are Women Human? And Other International Dialogues*. EUA: Harvard University Press.
- MACKINNON, Catharine (1995). *Hacia una teoría feminista del Estado*. Madrid: Cátedra.
- MACKINNON, Catharine (1983). «Feminism, Marxism, Method and the State: toward feminist jurisprudence». *Sings: Journal of Women in Culture and Society*, 8: 635-645.
- MACKINNON, Catharine (1979). *Sexual harassment of working women*. New Haven: Yale University Press.
- MARTÍN, María e OCEJO, Elena (2017). *Enfoque de género en la actuación letrada. Guía práctica de la abogacía*. Madrid: Fundación Abogacía Española. <https://bit.ly/2UMv2z2>.

- MARTÍNEZ-BASCUÑÁN, Máriam (2012). *Género, emancipación y diferencia(s)*. Madrid: Plaza y Valdés.
- MARTÍNEZ, Eva (2000). «La legitimidad de la democracia paritaria». *Revista de Estudios Políticos*, 107: 133-149.
- NASH, Mary (2004). *Mujeres en el mundo. Historia, retos y movimientos*. Madrid: Alianza.
- NICOLÁS, Gemma (2009). «Debates en epistemología feminista: del empirismo y el standpoint a las críticas postmodernas sobre el sujeto y el punto de vista», en ídem e BOLEDÓN, Encarna (comps.), *Género y dominación: críticas feministas del derecho y el poder* (25-62). Barcelona: Anthropos.
- NUSSBAUM, Martha C. (2007). *Las fronteras de la Justicia. Consideraciones sobre la exclusión*. Barcelona: Paidós.
- OLSEN, Frances (1990). «El sexo del derecho», en KAIRYS, David (ed.), *The Politics of Law* (452-467). Nova York: Pantheon.
- PATEMAN, Carole (1995). *El contrato sexual*. Barcelona: Anthropos.
- PÉREZ, Antonio (2011). *Los derechos fundamentales*. Madrid: Tecnos.
- PERNAS, Beatriz (2001). «Las raíces del acoso sexual: las relaciones de poder y sumisión en el trabajo», en OSBORNE, Raquel (2001), *La violencia contra las mujeres. Realidad social y políticas públicas* (53-75). Madrid: UNED.
- PITCH, Tamar (2003). *Un derecho para dos: la construcción jurídica de género, sexo y sexualidad*. Madrid: Trotta.
- POSADA, Luisa (2015). *Filosofía, crítica y (re)flexiones feministas*. Madrid: Fundamentos.
- PULEO, Alicia (2013). «El concepto de género como hermenéutica de la sospecha: de la biología a la filosofía moral y política». *Arbor*, 189(763). <https://bit.ly/3dWTkOk>.
- REDE FEMINISTA DE DEREITO CONSTITUCIONAL (2017). *Posicionamiento de la Red Feminista de Derecho Constitucional ante la necesaria reforma de la Constitución*. <https://bit.ly/39LBbzG>.
- ROUSSEAU, Jean-Jacques (2015). *Emilio ou da educación*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela.

- SEGATO, Rita Laura (2016). *La guerra contra las mujeres*. Madrid: Traficantes de Sueños.
- SMART, Carol (1994). «La mujer del discurso jurídico», en LAURRARI, Elena (coord.), *Mujeres, derecho penal y criminología* (167-177). Madrid: Alianza Editorial.
- SMART, Carol (1977). «Women, Crime and Criminology: A Feminist Critique». *Social Work*, 22(4): 331-332.
- STOLLER, Robert (1968). *Sex and Gender*. Nova York: Science House.
- SUPREMA CORTE DE JUSTITIA DA NACIÓN DE MÉXICO (2015). *Protocolo para juzgar con perspectiva de genero. Haciendo realidad el derecho a la igualdad*. <https://bit.ly/2wimGWp>.
- TORRES, M.^a Concepción (2018). «Acoso sexual y acoso por razón de sexo diez años después de la Ley Orgánica 3/2007», en VENTURA, Asunción e GARCÍA, Santiago (coords.), *El derecho a la igualdad efectiva de mujeres y hombres* (187-228). Pamplona: Aranzadi.
- TORRES, M.^a Concepción (2017a). «El sustento constitucional de la impartición de Justicia desde la perspectiva de género. *Revista Peruana de Derecho Constitucional*, 10: 181-214.
- TORRES, M.^a Concepción (coord.) (2017b). «3711_Memoria de la Red Docente Género e Igualdad en Derecho Constitucional y Libertad de Creencias 2016/2017», en ROIG-VILA, Rosabel (coord.), *Memòries del Programa de Xarxes-I3CE de qualitat, innovació i investigació en docència universitària. Convocatòria 2016-2017* (184-197). Alacante: Universidade de Alacante.
- TORRES, M.^a Concepción (2017c). «Sobre el consentimiento sexual (y algo más)». Agenda Pública [página web]. <https://bit.ly/2V9k1H5>.
- TORRES, M.^a Concepción (2017d). «Acoso sexual y discriminación estructural». Agenda Pública [página web]. <https://bit.ly/2V6WVRh>.
- TORRES, M.^a Concepción (2017e). «Iusfeminismo y agravante por razón de género, ¿dónde estamos?». Agenda Pública [página web]. <https://bit.ly/2V6X1s7>.
- TORRES, M.^a Concepción (2017f). «Justicia y género: de la teoría iusfeminista a la práctica judicial». *Revista Catalana de Dret Públic* [blog] 05/04/2017. <https://bit.ly/2XdhcaE>.

- TORRES, M.^a Concepción (2017g). «Pensión de viudedad y violencia de género, o, cómo acreditar la condición de víctima». *elplural.com*, 02/02/2017: <https://bit.ly/2JFeym5>.
- TORRES, M.^a Concepción (2016a). «La Justicia Constitucional desde el estudio crítico de casos: análisis jurisprudencial», en TORTOSA, María Teresa; GRAU, Salvador e ÁLVAREZ, José Daniel (coords.), *XIV Jornades de Xarxes d'Investigació en Docència Universitària. Investigació, innovació i ensenyament universitari: enfocaments pluridisciplinaris* (1303-1319). Alacante: Universidade de Alacante.
- TORRES, M.^a Concepción (2016b). «¿Qué desvela el género en el análisis de la violencia contra las mujeres?». *Agenda Pública* [página web]. <https://bit.ly/39OuD3c>.
- TORRES, M.^a Concepción (2016c). «Las mujeres en y ante el Tribunal Constitucional». *Agenda Pública* [página web]. <https://bit.ly/34g1g90>.
- TORRES, M.^a Concepción (2015). «Mujeres y derechos humanos ante la violencia de género. O, la crisis como excusa frente al contrato sexual». *Cahiers de Civilisation Espagnole Contemporaine*, 15.
- TORRES, M.^a Concepción (2014a). «Mujeres y derechos sexuales y reproductivos: cuerpos y subjetividad desde la periferia constitucional», en LEÓN, Marta e SGRÓ, María Candelaria (comps.), *La reforma del aborto en España: perspectivas de un debate (re)emergente* (119-148). Córdoba (Argentina): Católicas por el Derecho a Decidir.
- TORRES, M.^a Concepción (2014b). «El derecho a una vida libre de violencia de género como derecho fundamental: crítica constitucional desde el paradigma feminista», en VV. AA., *Igualdad y democracia: el género como categoría de análisis jurídico. Estudios en homenaje a la profesora Julia Sevilla* (641-655). Valencia: Cortes Valencianas.
- TORRES, M.^a Concepción (2013). «Epistemología feminista en la aplicación e interpretación normativa: la integración de la perspectiva de género en las ciencias jurídicas», en TORTOSA YBÁÑEZ, María Teresa; ÁLVAREZ, José Daniel e PELLÍN, Neus (coords), *XI Jornades de Xarxes d'Investigació en Docència Universitària: Reptes de Futur en l'Ensenyament Superior* (624-636). Alacante: Universidade de Alacante.

- TORRES, M.^a Concepción (2012a). «Estado social y sujeto productivo: un apunte constitucional desde la perspectiva de género», en VV. AA., *Actas del VIII Congreso Estatal Isonomía sobre Igualdad entre Mujeres y Hombres. El género en la economía o la economía de género* (50-58). Castellón: Universidade Jaume I.
- TORRES, M.^a Concepción (2012b). «La perspectiva de género como criterio de interpretación jurisprudencial ante la valoración de la intencionalidad del agresor en un contexto patriarcal», en VÁZQUEZ, Isabel; FLECHA, Consuelo; GUIL, Ana e CALA, María Jesús (eds.), *Investigación y género: inseparables en el presente y el futuro* (2035-2055). Sevilla: Universidade de Sevilla.
- TURBET, Silvia (2003). *Del sexo al género. Los equívocos de un concepto*. Madrid: Cátedra.
- VEIL, Simone (2004). *Les hommes aussi s'en souviennent. Une loi pour l'Histoire*. París: Editions Sotck.
- VALCÁRCEL, Amelia (1994). *Sexo y filosofía. Sobre mujeres y poder*. Barcelona: Anthropos.
- VV. AA. (2014). *Igualdad y democracia: el género como categoría de análisis jurídico. Estudios en homenaje a la profesora Julia Sevilla*. Valencia: Cortes Valencianas.

•• 08. Para afondar

Referencias do apartado 2, sobre as implicacións da cegueira de xénero nos eidos do dereito e a criminoloxía:

Sobre as novas epistemoloxías e as epistemoloxías feministas, véxase:

NICOLÁS, Gemma (2009). «Debates en epistemología feminista: del empirismo y el *standpoint* a las críticas postmodernas sobre el sujeto y el punto de vista», en ídem e BOLEDÓN, Encarna (comps.), *Género y dominación: críticas feministas del derecho y el poder* (25-62). Barcelona: Anthropos.

Sobre a necesaria introducción da perspectiva de xénero na docencia do dereito e a criminoloxía, véxase:

TORRES, M.^a Concepción (2013). «Epistemología feminista en la aplicación e interpretación normativa: la integración de la perspectiva de género en las ciencias jurídicas», en TORTOSA YBÁÑEZ, María Teresa; ÁLVAREZ, José Daniel e PELLÍN, Neus (coords), *XI Jornades de Xarxes d'Investigació en Docència Universitària: Reptes de Futur en l'Ensenyament Superior* (624-636). Alacante: Universidade de Alacante.

TORRES, M.^a Concepción (2012). «La perspectiva de género como criterio de interpretación jurisprudencial ante la valoración de la intencionalidad del agresor en un contexto patriarcal», en VÁZQUEZ, Isabel; FLECHA, Consuelo; GUIL, Ana e CALA, María Jesús (eds.), *Investigación y género: inseparables en el presente y el futuro* (2035-2055). Sevilla: Universidade de Sevilla.

Sobre a posición das mulleres no dereito e ante o dereito, véxase:

TORRES, M.^a Concepción (2016). «Las mujeres en y ante el Tribunal Constitucional». Agenda Pública [página web]. <https://bit.ly/34g1g90>.

Sobre o xénero como garantía específica dos dereitos das mulleres, véxase:

TORRES, M.^a Concepción (2018). «Acoso sexual y acoso por razón de sexo diez años después de la Ley Orgánica 3/2007», en VENTURA, Asunción e GARCÍA, Santiago (coords.), *El derecho a la igualdad efectiva de mujeres y hombres* (187-228). Pamplona: Aranzadi.

TORRES, M.^a Concepción (2017a). «Justicia y género: de la teoría iusfeminista a la práctica judicial». *Revista Catalana de Dret Públic* [blog] 05/04/2017. <https://bit.ly/2XdhcaE>.

TORRES, M.^a Concepción (2017b). «Iusfeminismo y agravante por razón de género, ¿dónde estamos?». *Agenda Pública* [páxina web]. <https://bit.ly/2V6X1s7>.

Referencias do apartado 3, sobre propostas xerais para incorporar a perspectiva de xénero na docencia do dereito e a criminoloxía

Normativas que remiten á inclusión da perspectiva de xénero nos ámbitos do dereito e a criminoloxía:

MARTÍN, María e OCEJO, Elena (2017). *Enfoque de género en la actuación letrada. Guía práctica de la abogacía*. Madrid: Fundación Abogacía Española. <https://bit.ly/2UMv2z2>.

Este documento foi froito do labor do grupo de traballo creado en 2017 ante a necesidade de incrementar a formación en perspectiva de xénero do persoal xurídico, especialmente de avogadas e avogados en exercicio.

SUPREMA CORTE DE XUSTIZA DA NACIÓN DE MÉXICO (2015). *Protocolo para juzgar con perspectiva de género. Haciendo realidad el derecho a la igualdad*. <https://bit.ly/2wimGWp>.

As publicacións do Grupo de Expertos en Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial, entre as que cabe destacar os informes dos anos 2013-2015 sobre vítimas mortais de violencia de xénero e de violencia doméstica a mans da parella ou exparella.

Análise das sentenzas ditadas no ano 2015 en casos de homicidios ou asasinatos entre os membros da parella ou exparella e de menores a mans dos seus proxenitores. Cabe destacarmos as seguintes liñas do estudo:

Análise das sentenzas ditadas no ano 2015, relativas a homicidios e/ou asasinatos entre os membros da parella ou exparella, que poñen de manifesto o seguinte: «Estes estudos axúdannos a ver que a violencia entre membros da parella ou exparella ten as súas raíces no xénero e é asimétrica canto ao sexo dos seus

autores. Xa que logo, este tipo de estudos non poden ser cegos ao xénero nin neutrais no tocante ao sexo dos actores».

Guía práctica da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero (2016). A cita literal do artigo 4 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, resulta obrigada, xa que baixo a rúbrica «Integración do principio de igualdade na interpretación e aplicación das normas» dispón que:

A igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes é un principio informador do ordenamento xurídico e, como tal, integrárase e observárase na interpretación e aplicación das normas xurídicas.

Convenio de Istambul (anteriormente citado), especialmente o artigo 6, cando dispón:

As partes comprométese a incluír un enfoque de xénero na aplicación e a avaliación do impacto das disposicións deste convenio e a promover e aplicar de maneira efectiva políticas de igualdade entre mulleres e homes e o apoderamento das mulleres.

Para o obxecto desta guía, o artigo 14 dispón textualmente:

1. As partes emprenderán, de ser o caso, as accións necesarias para incluír nos programas de estudos oficiais e en todos os niveis de ensino material didáctico sobre temas como a igualdade entre mulleres e homes, os papeis non estereotipados dos xéneros, o respecto mutuo, a solución non violenta de conflitos nas relacións interpersoais, a violencia contra a muller por razóns de xénero, e o dereito á integridade persoal, adaptado á fase de desenvolvemento do alumnado.

No tocante á formación de profesionais no eido do dereito e, por extensión, no da criminoloxía, o artigo 15 do Convenio de Istambul insta a impar-

tir e reforzar a formación axeitada de profesionais que tratan con vítimas e autores a prol da prevención e da detección en materia de violencia de xénero, a promoción dos dereitos das vítimas, a prevención da vitimización secundaria, o fomento da igualdade de mulleres e homes etc.

Recomendación xeral n.º 33 sobre o acceso das mulleres á xustiza, do Comité para a Eliminación da Discriminación contra a Muller (CEDAW), do 03/08/2015, da cal salientamos aquí o apartado B.22:

As mulleres, porén, fan fronte a moitas dificultades para obter acceso á xustiza como resultado da discriminación directa e indirecta [...]. Esta igualdade non só aparente no contido discriminatorio e/ou as consecuencias discriminatorias das leis, os regulamentos, os procedementos, a xurisprudencia e as prácticas, senón tamén na falta de capacidade e coñecementos das institucións xudiciais e case xudiciais para tratar adecuadamente as violacións dos dereitos humanos da muller [...].

Continúa sinalando que: «as institucións xudiciais deben aplicar o principio de igualdade substantiva ou de facto consagrada na Convención e deben interpretar as leis, incluídas as leis nacionais, relixiosas e consuetudinarias, de conformidade con esta obriga».

Reflexión crítica, desde a perspectiva de xénero, dos textos xurídicos históricos:

Da Declaración de Séneca Falls ou Declaración de Sentimentos (1848), de Elizabeth Cady Stanton e Lucrecia Mott, resultan moi significativos os seguintes parágrafos:

A historia da humanidade é a historia das repetidas vexacións e usurpacións perpetradas polo home contra a muller, co obxecto directo de establecer unha tiranía absoluta sobre ela. Para demostralo imos presentarlle estes feitos ao inxenuo mundo:

Nunca lle permitiu á muller gozar do dereito inalienable do voto.

Obrigábaa a acatar leis en cuxa elaboración non tivo participación ningunha.

Negoulle os dereitos recoñecidos aos homes máis ignorantes e inmoraís, tanto americanos como estranxeiros.

Privouna deste primeiro dereito como cidadá, o do sufraxio, e deixouna, por tanto, sen representación nas asembleas lexislativas e oprimida por todas as partes.

Se está casada, considérase civilmente morta ante os ollos da lei.

Desposuíuna de todo dereito de propiedade, mesmo dos xornais que ela mesma gaña.

Converteuna nun ser moralmente irresponsable [...]. No contrato de matrimonio esíxeselle obediencia ao marido, que se converte con carácter xeral no seu dono, xa que a lei lle recoñece o dereito de privala de liberdade e sometela a castigos [...].

Do discurso de Simone Veil na Asemblea Francesa o 26/11/1974, resultan significativas as seguintes palabras:

Gustárame primeiro compartir con vostedes unha convicción de muller, desculpen se o fago nesta asemblea case exclusivamente composta por homes: ningunha muller recorre gustosamente ao aborto. Abonda con escoitalas. É e seguirá sendo unha traxedia.

As palabras de Simone Veil poñen de manifesto a perversidade de non terse en conta o sexo dos suxeitos de dereito para o recoñecemento da plena subxectividade xurídica e política das mulleres. Hai que ter en conta que esta alegación para despenalizar a interrupción voluntaria do embarazo foi feita perante un auditorio integrado maioritariamente por homes. Homes que non xestan, que non paren, cuxa autonomía persoal non se vía afectada pola lei que se debatía naqueles momentos no arco parlamentario.

As intervencións parlamentarias da deputada Teresa Revilla relacionadas coa aprobación do artigo 14 da Constitución (precepto que constitucionaliza a igualdade como dereito fundamental) na Comisión de Asuntos Constitucionais e Liberdades Públicas na sesión que tivo lugar o 18/05/1978:

Señorías, neste artigo que votamos afirmativamente, a muller española adquire, por fin, a plenitude dos seus dereitos. É verdade que a votación foi unánime, sen disidencias, como estaba a reclamar a nosa sociedade. Pero as mulleres non imos dar as grazas por iso... Agora buscamos o futuro e no futuro queremos simplemente poder ser [...].

Sobre o constitucionalismo histórico español e a situación (exclusión-posición) das mulleres, véxase:

- a) Constitución de Cádiz, do 19/03/1812 (vixencia desde 1812 até 1814, desde 1820 até 1823 e desde 1836 até 1837);
- b) Constitución do 18/06/1837 (vixencia desde 1837 até 1845);
- c) Constitución do 23/05/1845 (vixencia desde 1845 até 1868);
- d) Constitución do 06/06/1869 (vixencia desde 1869 até 1873);
- e) Constitución do 30/06/1876 (vixencia desde 1876 até 1923);
- f) Constitución do 09/12/1931 (vixencia desde 1931 até 1939).

Propoñemos unha análise comparativa e crítica tendo en conta os seguintes aspectos:

- a) Sobre a subxectividade xurídica ou política: quen son os suxeitos de dereitos en cada un dos textos?; identifícanse explicitamente?; hai exclusións implícitas ou explícitas?; quen son os suxeitos que pactaron/outorgaron o texto constitucional, a declaración de dereitos etc.?; a quen ían dirixidos?
- b) Sobre os dereitos e as liberdades: hai un título específico que recolla o elenco de dereitos?; que tipo de dereitos recolle: dereitos civís, políticos, económicos, culturais, sociais etc.; dereitos de liberdade, principios reitores etc.; dereitos de configuración legal; dereitos de prestacións?; fálase de universalidade nalgún tipo de dereito?; hai dereitos de primeira, segunda, terceira xeración etc.?
- c) Sobre as garantías e tutelas dos dereitos: recóllense mecanismos de garantía ou tutela reforzada no texto constitucional ou declaración de dereitos?; que tipo de garantías?; todos os dereitos teñen os mesmos mecanismos de tutela?; hai supostos de limitación, pri-

vación ou suspensión de dereitos?; en que termos se recollen os valores e principios constitucionais?

Sobre a exclusión das mulleres do pacto constitucional, véxase:

REDE FEMINISTA DE DEREITO CONSTITUCIONAL (2017). *Posicionamiento de la Red Feminista de Derecho Constitucional ante la necesaria reforma de la Constitución*. <https://bit.ly/39LBbzG>.

O afondamento na categoría do suxeito xurídico faise necesaria sobre todo desde a óptica constitucional e por extrapolación ao resto do ordenamento xurídico:

A delimitación penal do uxoricidio no Código penal de 1944 poñía de manifesto en quen pensaba o lexislador e, neste sentido, cal era o ben xurídico que buscaba protexer. Habería que facer esta mesma consideración, reflexionar en que termos pensou o dereito –e pensaron os seus artífices– sobre as mulleres á hora de lles outorgar contido a determinados preceptos no ámbito penal, cando en España se penalizaban o adulterio⁴⁸, o uso de anticonceptivos⁴⁹, os delitos contra a liberdade sexual (denominados daquela delitos contra a honestidade), etc.

Do artigo 184 literal do Código penal español de 1995, na súa versión orixinal, debemos apuntar que deixaba no limbo xurídico moitas das condutas de acoso sexual sufridas polas mulleres polo único feito de selo. E é que quedaban fóra da tipificación penal as condutas nas que non se solicita ningún comportamento sexual (non se prevían as situacións de acoso sexual ambiental), tamén as condutas nas que non hai relación de superioridade ou xerarquía laboral ou académica (non se recollía o acoso sexual horizontal ou entre iguais) e os supostos nos que o mal non recae directamente sobre a persoa que sofre o acoso.

⁴⁸ Lei 22/1978, do 26 de maio, sobre despenalización do adulterio e do *amancebamiento*.

⁴⁹ Lei 45/1978, do 7 de outubro, pola cal se modifican os artigos 416 e 343bis do Código penal.

Obviamente, naqueles anos é a presión dos grupos de mulleres e feministas⁵⁰ que observan en que termos se aplica o precepto o que fai que se poña en cuestión a súa eficacia normativa, o que propicia sucesivas modificacións a través das leis orgánicas 11/1999, do 30 de abril, e 15/2003, do 25 de novembro.

Por se non fose suficiente, non é até a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, cando o acoso sexual e o acoso por razón de sexo se converten nunha das categorías nucleares da abordaxe en materia de igualdade e contra toda forma de discriminación, xa que as situacións de acoso sexual e de acoso por razón de sexo evidencian a desigualdade estrutural do sistema sexo/xénero⁵¹ –e a violencia– a que están expostas as mulleres en ámbitos que exceden do privado ou doméstico como os educativos-académicos, laborais ou profesionais.

Afondamento sobre dous aspectos da STC 59/2008, do 14 de maio:

No tocante ao xénero como categoría de análise xurídica no ámbito da violencia contra as mulleres, resulta esencial diferencialo do sexo, para reflexionarmos desde a chamada «hermenéutica da sospeita»⁵² e cuestionar a aparente neutralidade sexual a partir de que se construíron as rela-

⁵⁰ Sobre a presión respecto da tipificación do acoso sexual como delito, hai que lembrar os esforzos das feministas académicas dos anos setenta que delimitaron conceptualmente este acoso como condutas intrusivas e indesexadas dos homes na vida das mulleres. En concreto, Catherine Mackinnon defíneo como «a imposición indesexada da solicitación sexual no contexto dunha relación de poder desigual». Véxase MACKINNON, Catherine (1979). *Sexual harassment of working women*. New Haven: Yale University Press.

⁵¹ Véxase TORRES, M.^a Concepción (2017). «Acoso sexual y discriminación estructural». Agenda Pública [páxina web]. <https://bit.ly/2V6WVRh>. Véxase tamén PERNAS, Beatriz (2001). «Las raíces del acoso sexual: las relaciones de poder y sumisión en el trabajo», en OSBORNE, Raquel (2001), *La violencia contra las mujeres. Realidad social y políticas públicas* (53-75). Madrid: UNED.

⁵² PULEO, Alicia (2013). «El concepto de género como hermenéutica de la sospecha: de la biología a la filosofía moral y política». *Arbor*, 189(763). <https://bit.ly/3dWTkOk>.

cións políticas, económicas, sociais, culturais, e, por suposto, persoais. Desde este prisma de análise, a categoría xénero traslada o debate sobre a violencia contra as mulleres ao espazo público e introdúceo na axenda política, isto é, no ámbito do poder. O marco de abordaxe cambia e as reticencias á hora de conceptualizar a violencia contra as mulleres como violencia de xénero aumentan porque supón cuestionar, modos de ser e de estar, á vez que fai visibles asimetrías de poder no ámbito afectivo/convivencial.

De aí a importancia de explotar as potencialidades de análise do termo xénero neste ámbito específico, porque permite descubrir o que ten de «cultural» o xénero sobre a realidade sexual dos corpos e advírtenos do erro de utilizarmos indistintamente sexo e xénero ou falar de xénero única e exclusivamente como xénero gramatical. Extrapolando todas estas consideracións ao ámbito xurídico, a categoría xénero pon as bases para entender a violencia contra as mulleres como a manifestación violenta da desigualdade, como maneira de discriminación estrutural e como vulneración específica dos dereitos humanos das mulleres.

En relación coa segunda cuestión exposta, os termos nos que se pronuncia o TC ante os preceptos penais cuestionados, resulta obrigado centrarse nos termos do aval constitucional á Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. O estudo dos pronunciamentos do máximo intérprete constitucional (SSTC 59/2008; 127/2009; 45/2010 e 79/2010, entre outras), achega elementos para ter en conta.

O Tribunal Constitucional, nos seus fundamentos xurídicos, lembra a súa doutrina en materia de igualdade constitucional e advirte da consolidación do chamado dereito desigual igualitario. Neste punto cómpre non esquecer o fundamento xurídico 5.º da STC 59/2008, que precisa que a igualdade é un dereito subxectivo da cidadanía para obter un trato igual que obriga e limita os poderes públicos a respectalos; que esixe que os supostos de feito iguais sexan tratados identicamente nas súas consecuencias xurídicas; e que, para introducir diferenzas entre elas, debe existir unha suficiente xustificación desta diferenza, a cal ten que ser ao mesmo

tempo fundada e razoable, de acordo con criterios e xuízos de valor polo xeral aceptados; isto á parte de que as consecuencias non deben resultar desproporcionadas.

En liña co anterior, o Tribunal Constitucional tamén sinala que non toda diferenza no trato normativo supón un trato discriminatorio proscribido constitucionalmente, se existe unha xustificación da medida de diferenciación, esta é proporcionada e adecuada á finalidade que se pretende conseguir. Neste punto, móstrase contundente e precisa que non se pode cualificar de non razoable a opción normativa que o lexislador adoptou en 2004, dado que:

[...] as agresións do home cara á muller que é ou que foi a parella afectiva deste teñen unha gravidade maior que calquera outro no mesmo ámbito da relación, porque corresponden a un arraigado tipo de violencia que é manifestación da discriminación, a situación de desigualdade e as relacións de poder dos homes sobre as mulleres.

Sobre a doutrina da xurisprudencia en relación co recoñecemento de pensión de viuvez:

TORRES, M.^a Concepción (2017). «Pensión de viudedad y violencia de género, o, cómo acreditar la condición de víctima». [elplural.com](https://bit.ly/2JFeym5), 02/02/2017: <https://bit.ly/2JFeym5>.

Sobre os discursos relativos ao corpo das mulleres:

Rousseau na súa obra *Emilio ou da educación*, en plena Ilustración, afirmaba que «o macho só é macho en certos momentos, a femia é femia ao longo de toda a súa vida, ou polo menos, durante a súa mocidade». Máis recente no tempo, habería que citar o xurista italiano Luigi Ferrajoli cando sinala o seguinte:

«o corpo das mulleres foi sempre campo de conflitos e discursos xurídicos, éticos, políticos así como prácticas médicas, intervencións pedagóxicas, regras, disciplinas etc.».

Sobre o concepto de persoa, desde o punto de vista dos dereitos humanos, véxase:

MACKINNON, Catharine (2007). *Are Women Human? And Other International Dialogues*. EUA: Harvard University Press.

Referencias do apartado 4, análise para a inclusión da perspectiva de xénero na materia de Dereito da Liberdade de Crenzas (grao en Dereito)

Materia: Dereito de Liberdade de Crenzas⁵³

Materia obrigatoria que se estuda en 2.º do grao en Dereito e nos graos simultáneos de Dereito e Criminoloxía e de Dereito e Administración e Dirección de Empresas na Universidade de Alacante. O código da materia é 19038 e ten asignados 6 ETCS.

a) Obxectivos específicos

- Coñecer o significado e o alcance da liberdade de crenzas e o principio de neutralidade estatal.
- Coñecer as disposicións legais fundamentais sobre a neutralidade e a liberdade de crenzas nos ámbitos autonómico, estatal, comunitario e internacional.
- Aplicar a metodoloxía comparada no estudo da liberdade de crenzas.
- Aplicar a perspectiva da neutralidade como metodoloxía de análise.
- Respectar e defender o principio de igualdade e non discriminación.
- Respectar e defender a dignidade humana e a igualdade das persoas, así como a pluralidade de ideas e conviccións.

b) Contidos

A materia divídese en catro bloques, cun total de 10 unidades didácticas:

⁵³ Pode consultarse toda a información sobre a materia neste enderezo web: <https://bit.ly/39lmuxq>.

— Unidade didáctica 1. Liberdade de crenzas: marco xeral e delimitación conceptual

Tendo en conta a dobre dimensión obxectiva e subxectiva da liberdade de crenzas e, por tanto, de pensamento, desde a perspectiva de xénero habería que salientar os seguintes aspectos:

- Cal é a definición de persoa como suxeito a que se lle recoñecen dereitos?
- Foron (ou son) as mulleres persoas nos mesmos termos que os homes?
- Foron (ou son) as mulleres suxeitos plenamente autónomos no ámbito das crenzas?
- En que termos afectou a socialización diferenciada de mulleres e homes derivada do sistema sexo/xénero ao recoñecemento da plena autonomía das mulleres?
- Como afecta o recoñecemento autónomo da liberdade en cuestións como o uso do veu islámico, a hixab, etc.?

— Unidade didáctica 2. Principios fundamentais da liberdade de crenzas

Desde a perspectiva de xénero, as cuestións que se poderían traer a colación son estas:

- Desde o punto de vista da liberdade de crenzas como principio informador do ordenamento xurídico, que límites deberían establecerse, de ser o caso, en relación co feito relixioso e co recoñecemento pleno da subxectividade xurídica e política das persoas e, especificamente, das mulleres?
- Como facer casar os principios de igualdade e non discriminación de crenzas coa igualdade de xénero?
- Por que non apostar por sexualizar os suxeitos de dereitos fronte á abstracción normativa do modelo do ser humano desde do marco do principio de laicidade estatal?

— Unidade didáctica 3. Liberdade de crenzas nos ámbitos internacional e europeo

Desde o marco crítico e analítico da epistemoloxía feminista, nesta unidade pódese reflexionar sobre as seguintes cuestións:

- A que suxeitos ou persoas alude a Declaración universal dos dereitos humanos, con capacidade de exercer as liberdades de pensamento, conciencia e relixión sen as limitacións prescritas polo sistema sexo/xénero?
- Que lugares ocupan as mulleres como persoas nas manifestacións exteriores de dereitos como a liberdade relixiosa ou de culto?
- Que límites deberían establecerse en determinadas prácticas e certos ritos ou cultos que discriminan as mulleres por razón da construción cultural ou patriarcal sobre o sexo biolóxico?

— Unidade didáctica 4. A liberdade de crenzas no dereito español: configuración constitucional e tutela xurídica

Desde a epistemoloxía feminista como paradigma crítico habería que focalizar a análise nos seguintes aspectos:

- Quen é o suxeito titular do artigo 16 da Constitución española?
- En que termos se recoñecen a titularidade e o exercicio dos dereitos do artigo 16 da Constitución española ás mulleres?
- Como se concreta o desenvolvemento normativo da liberdade relixiosa a través da Lei orgánica 7/1980?
- Atopan as mulleres limitacións no exercicio e a manifestación da liberdade de pensamento na dimensión exterior?
- Afectan por igual a mulleres e a homes a liberdade e a igualdade como constituíntes do suxeito de dereitos?
- Hai que identificar diferenzas canto ao exercicio dos dereitos de liberdade ideolóxica e relixiosa en virtude da sexuación dos suxeitos de dereitos?
- Hai condicionantes previos para exercer estes dereitos segundo o sexo das persoas?

— Unidade didáctica 5. Liberdade de conciencia e obxección de conciencia

Desde a perspectiva de xénero as cuestións para debater serían as seguintes:

- Que implicacións debe ter a abstracción da sexuación dos suxeitos na obxección de conciencia sanitaria, en concreto, no relativo á interrupción voluntaria do embarazo?
- En que termos se lles recoñece ás mulleres a plena titularidade xurídica de dereitos fronte a outros bens xurídicos constitucionais susceptibles de protección?
- Que implicacións debe ter a abstracción da sexuación dos suxeitos de dereito no ámbito da obxección de conciencia farmacéutica?
- En que termos prevalece o recoñecemento á obxección de conciencia para non dispensar a pílula poscoital fronte ao dereito á vida, a integridade física e moral, a saúde sexual e reprodutiva etc. das mulleres como suxeitos sexuados con capacidades reprodutivas susceptibles de recoñecemento e tutela constitucional?

— Unidade didáctica 6. Liberdade de expresión

Desde a perspectiva de xénero as cuestións a debate son estas:

- Como afecta ás mulleres a liberdade de expresión no ámbito laboral como manifestación da súa liberdade de crenzas?
- Que condicionantes se observan cando son as mulleres as que acceden ao ámbito económico ou produtivo como suxeitos sexuados?
- No dereito de familia, expoñente do dereito dos espazos privados ou domésticos, hai que identificar limitacións prescritas –e non escritas– polo sistema sexo/xénero no exercicio de liberdades como a de expresión, claramente conectadas coa liberdade ideolóxica ou relixiosa?

- Unidade didáctica 7. Liberdade de educación
Desde a epistemoloxía feminista como paradigma crítico, habería que focalizar as análises nos seguintes aspectos:
 - En que termos a liberdade de crenzas e de pensamento ten en conta a socialización diferenciada do sistema sexo/xénero e os seus efectos no ámbito da educación?
 - Cales son os parámetros de análise xurídica desde o punto de vista constitucional cando a igualdade efectiva e real cede ante a educación diferenciada por sexos?
 - Como cumpriría facer prevalecer a obxección de conciencia fronte ao dereito de educación en casos concretos como o da materia de Educación para a Cidadanía?
- Unidade didáctica 8. Liberdade de crenzas e sistema matrimonial
Desde a perspectiva de xénero as cuestións sobre as que se pode afondar son estas:
 - Como garantir a igualdade efectiva e real no ámbito afectivo ou da convivencia?
 - Do punto de vista do réxime xurídico dos matrimonios relixiosos, como establecer mecanismos de tutela?
 - En que termos habería que indicar que o aumento da idade mínima para contraer matrimonio supón unha garantía para o libre exercicio de dereitos como a liberdade de crenzas e de pensamento?
 - Hai risco de relativismo cultural?
- Unidade didáctica 9. A dimensión colectiva da liberdade de crenzas: reunión, manifestación e asociación
Desde a epistemoloxía feminista crítico, cómpre poñer o foco nestes elementos:
 - Exercen as mulleres os dereitos de reunión e asociación nos mesmos termos que os homes?
 - Canto á liberdade de crenzas e ao feito relixioso, que límites atopan as mulleres como suxeitos de dereitos?

- Unidade didáctica 10. O concepto xurídico-estatal de confesión relixiosa. O Rexistro de Entidades Relixiosas
Desde a perspectiva de xénero poderíase poñer o foco nestas cuestións:
 - Como afectan ás mulleres e aos seus dereitos os acordos entre España e o Vaticano?
 - Como afectan ás mulleres e aos seus dereitos os acordos entre España e outras confesións relixiosas como a Federación de Entidades Relixiosas Evanxélicas de España ou a Comisión Islámica?
 - Tívoise en conta a discriminación estrutural do sistema sexo/xénero nestes acordos para superalos?

c) Modalidades organizativas e métodos docentes

A docencia e a transferencia de coñecementos na materia parte dunha interacción continua docente-discente. Así, todas as actividades propostas na aula requiren que o alumnado participe nelas de forma activa. O estudo de cada unha das categorías xurídicas e das ideas mencionadas en cada unidade didáctica vehículase a través da lectura das fontes orixinais, é dicir, sentenzas e outras resolucións do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, o Tribunal Constitucional e o Tribunal Supremo, basicamente, seleccionadas polo profesorado.

O traballo faise en grupos de cinco ou seis persoas compostos por estudantes dos dous sexos nunha proporción equilibrada. Cada grupo escollerá unha persoa que terá a súa portavoz e que irá rotando en cada sesión práctica da clase. O obxectivo, após o estudo das sentenzas asignadas e a análise conxunta seguindo os parámetros dados, é facer unha breve exposición e identificar os elementos conflictivos susceptibles de debate xurídico ou constitucional.

No tocante aos métodos ou recursos docentes para profundar nalgunhas das cuestións expostas, habería que traballar sentenzas do Tribunal Constitucional como as seguintes:

- STC 53/1985, do 11 de abril. Recurso previo de inconstitucionalidade promovido por 55 deputados contra o texto definitivo do proxecto

de reforma do artigo 417bis do Código penal. Votos particulares. Sinopse analítica: ausencia de perspectiva de xénero. Especial referencia ao concepto de persoa como titular de dereitos. A muller como persoa ante a vida en formación como ben xurídico protexido.

- STC 59/2008, do 14 de maio. Cuestión de inconstitucionalidade exposta polo Xulgado do Penal n.º 4 de Murcia, en relación co artigo 153.1 do Código penal, redactado pola Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. Sinopse analítica: alusión expresa ao concepto xénero. O xénero como categoría de análise xurídica na xurisprudencia constitucional.
- STC 151/2014, do 25 de setembro. Recurso de inconstitucionalidade promovido por máis de 50 deputados do Grupo Parlamentario Popular do Congreso contra a Lei foral de Navarra 16/2010, do 8 de novembro, pola que se crea o rexistro de profesionais en relación coa interrupción voluntaria do embarazo. Sinopse analítica: o dereito á obxección de conciencia como manifestación do dereito á liberdade ideolóxica e como xustificación para obxectar en casos de interrupción voluntaria do embarazo.

d) Propostas de avaliación

A avaliación da materia está deseñada para seguir o modelo da avaliación continua. Desde a perspectiva de xénero son varios os aspectos que se deben ter en conta á hora de puntuar ou ponderar a nota: participación, implicación, capacidade de empatía, capacidade de crítica e autocrítica, capacidade de superación, etc. Neste sentido, a continuación poñemos un exemplo da distribución das porcentaxes de cada unha das actividades propostas:

- Actividades de avaliación continua: 60% da nota final.
- Análise en grupo de sentenzas, sinopse de artigos doutrinais etc.: 25% da nota final.

- Ensaio individual dunha das lecturas recomendadas: 15% da nota final.
- Exposición en grupo dun dos temas propostos en relación coas unidades didácticas: 15% da nota final.
- Participación en foros: 5% da nota final.
- Proba obxectiva de coñecementos: 40% da nota final.

Referencias do apartado 4, análise para a inclusión da perspectiva de xénero na materia de Vitimoloxía (grao en Criminoloxía)

Materia: Vitimoloxía

Materia obrigatoria que se estuda en 3.º do grao en Criminoloxía e en 4.º do dobre grao en Dereito e Criminoloxía, titulacións da Universidade de Alacante. O código da materia é 18526 e ten asignados 7,5 ETCS.

a) Obxectivos específicos

- Coñecer os fundamentos teóricos e o ámbito de aplicación da vitimoloxía.
- Analizar as dimensións, os procesos e as tipoloxías vitimolóxicas principais.
- Describir os métodos de investigación máis utilizados no ámbito da vitimoloxía.
- Coñecer as consecuencias psicolóxicas e psicopatolóxicas derivadas dos diferentes procesos de vitimización.
- Coñecer as técnicas básicas de prevención, avaliación e intervención psicolóxica con vítimas.
- Formar profesionais da criminoloxía para dirixiren e coordinaren a actividade das oficinas de axuda á vítima.
- Coñecer a influencia da vitimoloxía no dereito penal e a interacción co resto de disciplinas.
- Coñecer o tratamento xurídico que recibe a vítima no proceso penal.
- Coñecer os sistemas de indemnización pública ás vítimas do delito e demais procedementos para a reparación do dano.

b) Contidos

A materia estrutúrase en catro bloques temáticos:

— Introducción á vitimoloxía

A perspectiva de xénero no ámbito da vitimoloxía obriga a prestar moita atención ao concepto de vítima e, nomeadamente, ao concepto de vítima do delito. A evolución do concepto mesmo e a ruptura coa neutralidade no tratamento da vítima canto ao xénero ofrece datos para termos en conta, sobre todo cando se consultan as estatísticas sobre criminalidade e, especificamente, sobre determinados delitos cunha clara vinculación coa liberdade e a autonomía sexual das persoas.

— Achegas da psicoloxía á vitimoloxía

As relacións de poder do sistema sexo/xénero e os efectos que teñen na construción de espazos obrigan a reflexionar sobre o concepto de vulnerabilidade, en particular cando se aplica a determinadas persoas e nas situacións de risco a que están expostas. Neste punto habería que reflexionar sobre situacións de vulnerabilidade sociosexual que afectan a algúns colectivos ou persoas: vulnerabilidade económica, social, psicolóxica, relacional etc.

— Evolución do tratamento xurídico da vítima

Respecto do tratamento xurídico da vítima, é fundamental ter en conta a Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axudas e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual. O apartado I da exposición de motivos resulta revelador desde o enfoque de xénero. Di textualmente:

A vítima do delito sufriu un grao de abandono desde que o sistema penal substituíu a vinganza privada por unha intervención pública e institucional, ecuánime e desapaixonada, para resolver os conflitos xerados pola infracción da lei penal. Pero, desde unha perspectiva máis global, a pretensión punitiva do estado debe achegarse ao problema social e comunitario no que o delito consiste, para previlo e recobrar o infractor, por suposto, e ade-

mais, para corrixir de ser posible o dano sufrido pola vítima. En moitas ocasións, o abandono social da vítima despois do delito, a etiquetaxe, a falta de apoio psicolóxico, a intervención mesma no proceso, as presións a que é sometida, a necesidade de revivir o delito a través do xuízo oral [...] producen efectos tan dolorosos para a vítima como os que derivan directamente do delito.

Hai que aludir á aprobación, máis recentemente, da Lei 4/2015, do 27 de abril, do estatuto da vítima do delito, unha norma que supuxo un punto de inflexión verbo do tratamento xurídico e a consideración da vítima do delito. Cabe salientarmos, neste sentido, os dereitos extraprocesais recoñecidos:

- dereito das vítimas á información en sentido amplo en relación coas administracións públicas ou o persoal de asistencia;
 - información sobre recursos e servizos para a tutela e protección dos dereitos;
 - en violencia de xénero, o dereito á asistencia social integral;
 - dereitos relativos ao ámbito laboral e as prestacións á Seguridade Social;
 - información relativa á acreditación da condición de vítima;
 - información sobre o programa de renda activa de inserción;
 - información sobre a posibilidade do cambio de apelidos para a disposición adicional 20.ª da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, que modifica a redacción do artigo 58 da Lei do Rexistro Civil; etc.
- Análise da posición da vítima no sistema de xustiza penal
- Desde a perspectiva de xénero, cumpriría prestar atención aos dereitos de natureza procesual ou penal articulados ao redor da Lei 4/2015:
- dereito á non vitimización secundaria ou revitimización, que consiste en procurar evitar declaracións innecesarias da vítima no seo xudicial;

- dereito á información nunha linguaxe comprensible para a vítima;
- en violencia de xénero, dereito a recibir asesoramento xurídico especializado do persoal de asistencia e, especificamente, nas oficinas de atención ás vítimas do delito (OAVD) e das forzas e corpos de seguridade do estado;
- dereito a unha dirección letrada única en todas as fases do proceso e en todas as instancias e ámbitos (penal, civil, administrativo, laboral, estranxeiría etc.);
- dereito a ser informada das diversas actuacións e, especialmente, das que afectan á situación procesual do agresor;
- información sobre o dereito para se constituír como parte do proceso e os efectos que ten, en canto ao dereito a solicitar a práctica de dilixencias de investigación;
- información sobre o dereito á asistencia xurídica gratuíta (extensión e efectos),
- dereito a estar informada destes aspectos: sobreesamento do proceso, data e lugar do xuízo, sentenzas recaídas (primeira instancia ou, de ser o caso, apelación) etc.

c) Modalidades organizativas e métodos docentes

Desde a perspectiva de xénero, e de acordo co que comentamos até agora, as propostas docentes céntranse en análises comparativas de leis, sentenzas, ditames, resolucións administrativas etc. do ámbito da vitimoloxía, feitas en grupo. A análise en grupo permite a interacción do alumnado e o enriquecemento das achegas aos textos e aos documentos susceptibles de análise. Pola súa vez, a análise comparativa de documentos permite reflexionar de xeito crítico sobre o concepto de vítima, o seu nacemento e evolución, o tratamento que recibe no ámbito do dereito penal e penal-procesual e o seu vínculo coa forma de socialización diferenciada do sistema sexo/xénero e as relacións asimétricas de poder que causa.

Neste punto é esencial termos en conta a ocultación ou invisibilización tradicional das vítimas do delito, especialmente, das de determinados deli-

tos relacionados coa liberdade sexual ou a violencia de xénero; os prexuízos creados na contorna que afectan, mesmo, á credibilidade que teñen e as dúbidas sobre as narrativas das vivencias; os silencios e o non querer – ou non saber– escoitar algúns relatos que reflicten a realidade sociosexual das experiencias; a relación entre vítimas; as achegas e contraindicacións da xustiza restaurativa, os mitos que axudan á vitimización primaria e á secundaria (ou violencia en de xénero institucional), etc.

Do mesmo xeito que nas propostas organizativas das materias comentadas en parágrafos anteriores, preténdese a formación de grupos con persoas dos dous sexos, para incrementar a diversidade das visións con alumnado con traxectorias persoais, docentes ou profesionais diferentes. O obxectivo é a docencia proactiva e participativa ao servizo da xeración de cambios nas metodoloxías docentes e coa cal é o alumnado o protagonista da aprendizaxe.

d) Propostas de avaliación

A avaliación da materia está deseñada para seguir o modelo de avaliación continua. Desde da perspectiva de xénero os aspectos para ter en conta coinciden cos comentados en parágrafos anteriores en relación con outras materias. Neste sentido, cómpre facermos fincapé en elementos como a participación, a implicación, a capacidade de empatía, a capacidade de crítica e autocrítica, a capacidade de superación etc. A seguir, un exemplo da distribución das porcentaxes da nota de cada unha das actividades propostas:

- Actividades de avaliación continua: 60% da nota final.
- Análise en grupo de sentenzas, sinopse de artigos doutriniais etc.: 25% da nota final.
- Análise cuantitativa (estadísticas) e comparativa sobre vítimas e persoas vítimas en informes de institucións ou organismos oficiais: 20% da nota final.
- Análise en grupo comparado sobre os proles e contras da xustiza da vítima ou xustiza restaurativa: 20% da nota final.
- Proba obxectiva de coñecementos: 40% da nota final.

GUÍAS PARA UNHA DOCENCIA UNIVERSITARIA CON PERSPECTIVA DE XÉNERO

A incorporación efectiva da perspectiva de xénero na docencia universitaria segue a ser un reto pendente, a pesar do marco normativo vixente nos contextos europeo e estatal. Aplicada ao ámbito universitario, a transversalización de xénero é unha política integral orientada a promover a igualdade de xénero e a diversidade na investigación, a docencia e a xestión das universidades, todos eles ámbitos afectados por diferentes prexuízos. Unha transferencia de coñecemento nas aulas sensible á incorporación da perspectiva de xénero comporta diferentes beneficios, tanto para o profesorado como para o alumnado, e mellora a calidade docente e a relevancia social dos coñecementos, das tecnoloxías e das innovacións (re)producidas. Sobre estas bases e a estes obxectivos conságrase a colección de guías temáticas elaboradas pola Xarxa Vives d'Universitats e agora trasladadas á lingua galega, no marco das iniciativas financiadas con fondos do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero e desenvolvidas polas unidades de igualdade do Sistema Universitario Galego.

Ciencias da Computación

PALOMA MOREDA POZO

Dereito e Criminoloxía

M. CONCEPCIÓN TORRES DÍAZ

Educación e Pedagogía

MONTSERRAT RIFÀ VALLS

Filoloxía e Lingüística

MONTSERRAT RIBAS BISBAL

Filosofía

SONIA REVERTER-BAÑÓN

Física

ENCINA CALVO IGLESIAS

Historia

MÓNICA MORENO SECO

Historia da Arte

M. LLÜISA FAXEDAS BRUJATS

Medicina

MARÍA TERESA RUIZ CANTERO

Psicoloxía

ESPERANZA BOSCH FIOLE
SALUD MANTERO HEREDIA

Socioloxía, Economía e Ciencia Política

ROSA MARIA ORTIZ MONERA
ANNA MARIA MORERO BELTRÁN

Xarxa Vives
d'universitats



galegía



Xacobeo 2021



XUNTA
DE GALICIA



UNIVERSIDADE DA CORUÑA



Universidade de Vigo